

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 28 DE FEBREIRO DE 2019.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día vine e oito de febreiro de dous mil dezanove, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR

D. ANTONIO CAÑÁS VARELA
D^a MARÍA OFELIA RAMOS LUNA
D^a. MARÍA NIEVES VÁZQUEZ GRELA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

D^a MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. CARMELO CORTÉS SÁNCHEZ
D^a. NURIA CARBALLEDA FEIJOO (que se incorpora no momento que se expresa)

Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO

D. JOSÉ JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

Polo GRUPO MIXTO

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESÚS MANUEL VÁZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

Concelleira non adscrita

D^a VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 31 DE XANEIRO DE 2019.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión ordinaria celebrada en data 31 de xaneiro de 2019, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión ordinaria celebrada en data 31 de xaneiro de 2019, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 31 de xaneiro de 2019.

2.- PROPOSTA RELATIVA A CORRECCIÓN ACORDO PLENARIO RELATIVO Á PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2019 E APROBACIÓN DOS PROXECTOS CORRIXIDOS.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía (código de documento UCP13I000E) ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Contratación na súa sesión de data 21 de febreiro de 2019, que literalmente di:

“O Pleno Municipal en sesión de 19 de decembro de 2018, aprobou a participación no Plan provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN UNICO DE CONCELLOS) POS+2019.

O 21/01/2019, a través da plataforma SUBTEL, recibíuse comunicación da Deputación Provincial da Coruña informando que, de conformidade co establecido nas Bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+)2019, detectaran diversas incidencias que obrigan á súa rectificación como paso previo á súa inclusión no devandito plan provincial.

Unha vez redactados os proxectos nos que se corríxen as incidencias detectadas, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Corrixir o erro sinalado no apartado E) Resumo da solicitude de participación, que debe dicir:

E) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
	Achega 2019	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	296.142,92 €		296.142,92 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	241.201,88 €	9.743,16 €	250.945,04 €
	Achega 2018	321.228,14 €	27.883,46 €	349.111,60 €
	Préstamo 2019	369.044,35 €	23.879,36 €	392.923,71 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	0,00 €		0,00 €
	Achega 2019	537.344,80 €	9.743,16 €	547.087,96 €
	Achega 2018	321.228,14 €	27.883,46 €	349.111,60 €

TOTAL	Préstamo 2019	369.044,35 €	23.879,36 €	392.923,71 €
	TOTAL	1.227.617,29 €	61.505,98 €	1.289.123,27 €

Segundo.- Aprobar os proxectos corrixidos das seguintes obras:

- POLIDEPORTIVA DESCUBIERTA DE PEIRO DE ARRIBA. Código verificación: 4W28 5X4F 6N0P 3847 02DL
- POLIDEPORTIVA DESCUBIERTA EN A CORVEIRA. Código verificación: 612R 1W3U 4533 5G5O 0AO2
- RENOVACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DE ALUMBRADO CON TECNOLOGÍA LED Y SISTEMA DE TELEGESTIÓN EN AVDA. XOAN CARLOS I. Código verificación: 0N2I 0T01 2B3D 0469 0GGG
- RENOVACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DE ALUMBRADO CON TECNOLOGÍA LED Y SISTEMA DE TELEGESTIÓN EN AVDA. DE A CORUÑA, AVDA. GALICIA, R/ COSTA DA LONXA. Código verificación: 0E3X 031V 224I 2O4Q 03GV
- RENOVACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DE ALUMBRADO CON TECNOLOGÍA LED Y SISTEMA DE TELEGESTIÓN EN AVDA. DE ACEA DE AMA. Código verificación: 644E 3U5R 2V10 1I0Z 1E77
- HUMANIZACIÓN AVDA. RIBADOS. Código verificación: 4O0E 3W3K 4G0P 391U 02QR
- POLIDEPORTIVA DESCUBIERTA EN OS PELAMIOS. Código verificación:
- 0L5H 5C1A 1Y13 2C04 1BB7
- POLIDEPORTIVA DESCUBIERTA FONTE DA Balsa Y SAGRADA FAMILIA. Código verificación: 602H 6S6S 305R 186M 0RMJ

C.I.F. P-1503100-H

Ao non producirse intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta anterior, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (doce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: 9 (nove) dos sres/as: Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía (código de documento UCP13I000E), que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.- PROPOSTA RELATIVA A APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN A SUBSCRIBIR ENTRE A XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE ARTEIXO, CULLEREDO E A CORUÑA PARA A COORDINACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE PÚBLICO DAS SÚAS RESPECTIVAS COMPETENCIAS CON ORIXE OU DESTINO NAS URBANIZACIÓNS DA ZAPATEIRA.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do Sr. alcalde, de data 19 de febreiro de 2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior, Medio Ambiente e Obras, na súa sesión de data 21 de febreiro de 2019, que literalmente di:

“UGT/2019/8 - CONVENIO XUNTA, ARTEIXO, CULLEREDO Y CORUÑA PARA COORDINACIÓN DE SERVICIOS DE TRANSPORTE PÚBLICA CON ORIGEN O DESTINO EN LAS URBANIZACIONES DE LA ZAPATEIRA

INFORME-PROPOSTA SOBRE A AMPLIACION DO SERVIZO TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS ÁS URBANIZACIÓNS DA ZAPATEIRA NO MUNICIPIO DE CULLEREDO.

O problema da mobilidade urbana no actual modelo de crecemento das grandes cidades pode considerarse como un dos grandes retos do noso tempo. Neste contexto, o sistema de transporte ten que desenvolver as súas estruturas sobre un territorio fragmentado institucionalmente, de maneira que os ámbitos territoriais das redes de transporte e das institucións político-administrativas que exercen o poder non sempre coinciden.

Un dos obxectivos prioritarios dos poderes públicos territoriais é pois, regular o espazo mediante unha adecuada elaboración, regulamentación e construción do sistema de transporte. Desde o punto de vista político, a organización do transporte debe adecuarse á fragmentación do territorio, partindo da base de que a gobernabilidade da nosa sociedade depende de como se resolva o reto da mobilidade.

Desde o punto de vista organizativo, pódese afirmar que cada vez é maior a relación e interdependencia entre a gran cidade e os municipios dentro da súa área de influencia, polo que hai que ter unha maior consideración co transporte urbano, interurbano ou metropolitano. Isto é máis evidente a escala urbana e metropolitana posto que os patróns de mobilidade cambiaron de maneira moi significativa nas últimas décadas, mentres que os reaxustes institucionais foron mínimos.

Tanto a Lei 6/1996, de 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia, como a posterior Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico,, establecen que os servizos de transporte público de viaxeiros serven para comunicar os distintos centros de residencia, traballo e lecer dos cidadáns. Son servizos non referibles en exclusiva a un determinado punto territorial, senón a unha pluralidade deles, sobre os que concorren as competencias das distintas administracións públicas de base territorial, o que ocorre, desde logo, neste caso en relación cos transportes públicos de viaxeiros por estrada na base territorial de que se trata, urbanizacións na Zapateria incluídas fóra do ámbito territorial da Coruña.

A referida normativa autonómica preferiu a coordinación a través dun único procedemento administrativo dentro do cal exercen as súas competencias, mediante proposta, informe ou resolución, tanto a Xunta como os distintos concellos.

As técnicas de coordinación establecidas na normativa citada pónense en marcha cando un Concello ou a Xunta acordan a iniciación dun expediente de novo establecemento ou ampliación de servizos de transporte público de viaxeiros, sexan urbanos ou interurbanos, coordinación que se implementa a través de convenios interadministrativos, neste caso. Respéctase a autonomía local, en todo caso, atribuíndo ao Concello competencia para emitir informe vinculante sobre o itinerario en núcleo urbano e as paradas urbanas do servizo interurbano ampliado.

Entre os fins da normativa analizada atópase pois, a coordinación dos servizos de transporte público de viaxeiros que servirá para os seguintes fins:

- a) Integración nunha soa rede dos seguintes servizos de transporte público: Urbano, de titularidade municipal, e interurbano, de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou xestionado por delegación do Estado
- b) Satisfacción das necesidades da comunidade. Doutra banda, a coordinación dos servizos de transporte público axustarase aos seguintes principios:
 - a) Eficacia na xestión co mínimo custo económico e social.
 - b) Autonomía dos concellos na xestión dos seus servizos de transporte

c) Respecto aos dereitos dos concesionarios de liñas ou zonas de transporte público, de acordo coas determinacións de cada título concesional.

d) Protección dos intereses lexítimos dos titulares de autorizacións de transporte público discrecional.

Por último, a Disposición adicional decimosegunda: Racionalización do sistema de transporte público, da lei 14/2013, dispón que:

1. A fin de mellorar as condicións de accesibilidade das persoas usuarias á rede de transporte público, ademais das formas de cooperación previstas na Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transporte urbanos e interurbanos de viaxeiros por estrada, a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de mobilidade e transportes, poderá:

a) Formalizar convenios de colaboración con outras administracións públicas galegas mediante os que se establecerán actuacións de coordinación de servizos de transporte público das súas respectivas competencias, incluíndo a habilitación da extensión dos servizos interurbanos ao transporte urbano ou viceversa.

As empresas contratistas dos servizos de transporte público afectados polos correspondentes convenios ou plans de accesibilidade serán oídas con carácter previo á súa formalización.

Durante os últimos meses, e facéndose eco da necesidade de dotar de servizo público de transporte á zona da Zapateira, ámbito territorial e poboacional pertencente a tres concellos (A Coruña, Arteixo e Culleredo), que carece totalmente do mesmo no que se refire aos dous últimos concellos citados, viñéronse celebrando conversacións interadministrativas entre eles e coa Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Mobilidade), como autoridade competente na materia dos servizos de transporte regular de viaxeiros de carácter interurbano.

Froito das devanditas conversacións, chegouse a un texto de convenio de colaboración que deberá someterse á aprobación dos correspondentes órganos de goberno das citadas Administracións Públicas.

Analizando a concreta proposta formulada polo Concello da Coruña, é evidente que a mellor opción para o suposto que nos ocupa, é a denominada "opción A", xa que desenvolvería un servizo máis rápido, de menor lonxitude e tamén máis económico, aínda que aquí habería que valorar o custo das obras a realizar, que loxicamente non se inclúen na proposta por corresponder competencialmente ao Concello de Arteixo.

Neste momento entón non cabe máis que optar pola opción B.

Custos.-

O tema é difícil de valorar por canto non se presenta ningún estudo económico que xustifique os custos que indican, máis aló dos cálculos realizados polo Concello da Coruña, que poden considerarse razoables.

No prezo dos quilómetros adicionais que supón a ampliación da liña 24, enténdese que soamente se repercute neles o custo correspondente ao combustible, lubricantes, neumáticos e reparacións (este concepto adoita fixarse en función de km. percorridos), xa que o resto das partidas que conforman o custo económico do servizo xa están repercutidas nas expedicións que agora se realizan.

Se temos en conta que para un reforzo adicional, que tería que abonarse cos custos na súa totalidade, fíxase un prezo de 3,4 €/km, resulta que 1,30 € veñen ser un 38,24 % do custo total por quilómetro, lixeiramente máis elevado que o común no sector.

C.I.F. P-1503100-H

Propónse descontar os billetes vendidos con orixe e/ou destino naquelas paradas a razón de 1,18182 € sen IVE viaxeiro, que habería que multiplicar por 1,9 por estimar que un 90 % dos viaxeiros de ida volven no autobús.

As tarifas xerais urbanas están en 1,30 € en metálico e 0,86 € para a tarxeta Millennium, a parte de tarifas sociais para parados e xubilados. Suponse que neste momento, o Concello da Coruña abona á Compañía de Tranvías a diferenza nas tarifas sociais e con tarxeta e suponse que ata o prezo da tarifa en metálico. E isto debe ser así porque se a 1,18182 € aplicámoslle o IVE do 10 % resulta 1,30 €, é dicir a tarifa para pagar en metálico.

Con todo o devandito, parece que o custo é adecuado ao servizo que se pretende (hai que ter en conta que simplemente cunha media de 3 viaxeiros por expedición, o custo sería nulo).

Doutra banda, e no caso de ter que establecer unha expedición de reforzo, habería que descontar os ingresos derivados de caso, o desconto por viaxeiros tería que ser de todos os viaxeiros transportados naquelas expedicións, non só polo número de viaxeiros novos.

Por tanto, de necesitar reforzos adicionais entendo que habería de esixirse a presentación do correspondente Estudo Económico.

Realmente neste caso penso que se solucionaría o tema sen estes servizos adicionais, axustando se fixese falta o horario das expedicións actuais, xa que a variación sería mínima.

Os Concellos de Arteixo e Culleredo asumirán na mesma proporción (do 50% Arteixo, e do 50% Culleredo) o custo do servizo.

Horarios.-

Os horarios propostos resultan en principio adecuados.

Por todo o exposto, e vista a memoria xustificativa emitida polo Xefe do Gabinete Técnico, co visto e praxe do Sr. Alcalde, onde se analiza a necesidade e oportunidade de formalizar o Convenio de colaboración, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previstoo na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:

APROBAR o contido do Convenio de colaboración a subscribir entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Arteixo, Culleredo e Coruña, para a coordinación do servizo de transporte público das súas respectivas competencias con orixe ou destino nas urbanizacións da Zapateira, que se achega a esta proposta.

Culleredo, A proposta de, O Xefe do Gabinete Técnico (documento asinado dixitalmente) VARELA TEJEDOR, JAVIER Xefe do Gabinete Técnico 18/02/2019 13:57 O ALCALDE (documento asinado dixitalmente)"

O texto do convenio referido na proposta é o que de seguido se transcribe:

"Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Arteixo, Culleredo e Coruña, para a coordinación dos servizos de transporte público das súas respectivas competencias con orixe ou destino nas urbanizacións da Zapateira

Santiago de Compostela, de de 2019

REUNIDOS

6 de 50

Por unha parte, Dña. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e co Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG n.º 82, do 30 de abril).

Por outra, D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, Alcalde da Coruña, en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por outra, D. Carlos Calvelo Martínez, Alcalde de Arteixo, en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por outra, D. José Ramón Rioboo Castro, Alcalde de Culleredo, en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente capacidade e competencia para formalizar este acordo, e para tal efecto,

EXPOÑEN

1. As urbanizacións da Zapateira constitúen un importante asentamento poboacional situado nas proximidades da Coruña. Aínda que algunhas destas se atopan fóra do termo municipal do concello cabeceira da comarca, está en clara continuidade con este e dentro do seu cinto metropolitano, albergando na actualidade un importante volume de veciños que presenta unha demanda de mobilidade recorrente.

As administracións competentes teñen a responsabilidade de atender esa necesidade a través dunha oferta de transporte axeitada. Porén, as peculiares características da zona na que se localiza a urbanización determinan que os tráxicos non poidan ser cubertos de maneira totalmente satisfactoria polos servizos de transporte interurbano, que non existe na zona, nin tampouco polo urbano, que non pode estender os seus servizos máis alá do termo municipal.

2. Afrontar de maneira eficaz as dificultades descritas esixe unha coordinación das intervencións que lles corresponden ás administracións autonómica e local en virtude das súas respectivas competencias, co fin de acadar unha mellor satisfacción do interese xeral.

Neste sentido, a importancia dos novos núcleos xeradores de tráxicos como elemento primordial para discernir a afectación dos operadores preexistentes constitúe unha constante na xurisprudencia do Tribunal Supremo, como a Sentenza do 27/05/2013, pronunciada en relación co recurso de casación 5901/2010 onde se conclúe que "o tráfico ao que responden os novos servizos (...) non incorren nesa coincidencia substancial [cos tráxicos preexistentes] porque é cualitativamente distinto ao que viña sendo atendido e séguese sendo polas concesións anteriores".

3. A maior abastanza, hai que ter en conta tamén que o propio Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de ordenación de transportes terrestres, modula no seu artigo 65 o principio de exclusividade de tráxicos dos operadores interurbanos cando se trata de servizos prestados en zonas de influencia de núcleos urbanos. Nese sentido, dado o volume de poboación da cidade da Coruña e mais a localización da urbanización da Zapateira respecto dela, as previsións deste convenio terían pleno encaixe dentro das premisas do precepto citado.

4. Deste xeito, a colaboración interadministrativa que se concreta neste convenio vén asegurar a satisfacción das demandas de mobilidade da poboación afectada, e asegura a coordinación do actuar das administracións implicadas en canto á oferta de transporte. Para estes efectos, cómpre tamén lembrar que o propio Tribunal Supremo, na sentenza do 24/11/2009, ditada en relación cun suposto con evidentes analoxías co da Zapateira

que é o da urbanización dos Tilos na periferia de Santiago de Compostela, anticipaba a vía cooperativa como a solución máis axeitada para ese tipo de problemáticas de transporte. A teor dela “todo iso, ademais, no bo entendemento de que a Administración rexional, segundo a normativa propia da comunidade autónoma, poderá eventualmente acordar outras medidas (...) para a coordinación dos diversos servizos de transporte, urbano e interurbano, de modo que se regule da maneira máis favorable aos intereses públicos o tráfico entre a cidade de Santiago de Compostela e os núcleos de poboación incluídos na súa área metropolitana”.

5. Todo o anterior consolidouse na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece a posibilidade de que ambas as dúas administracións formalicen convenios de colaboración “mediante os que se establecerán actuacións de coordinación de servizos de transporte público das súas respectivas competencias, incluíndo a habilitación da extensión dos servizos interurbanos ao transporte urbano ou viceversa”.

Con base nesta habilitación legal, as partes asinantes consideran oportuno estender os servizos do transporte urbano da cidade da Coruña ao ámbito das urbanizacións da Zapateira. Desta maneira, as características da oferta en canto a calendario, horarios, itinerarios, prezos e penetración urbana veranse substancialmente melloradas e adaptaranse de maneira máis precisa ás necesidades dun asentamento periurbano como son as ditas urbanizacións.

6. A maior abastanza, cómpre salientar que a extensión de servizos que se recolle neste convenio suporá tamén importantes beneficios para o ambiente e a mobilidade sustentable. Nese sentido, hai que ter en conta que as urbanizacións dos municipios de Culleredo e Arteixo teñen una carga poboacional notable, existindo una relación de mobilidade por motivos laborais, formativos e recreativos co concello da Coruña que non está cuberta na actualidade por ningún servizo de transporte interurbano e cuxa única alternativa de transporte é a través do vehículo privado. Esta situación propicia un importante fenómeno de congestión de tráfico, que empeora a calidade do aire, eleva o consumo enerxético, e incrementa a contaminación acústica e o risco para os peóns. Xa que logo, un mellor servizo de transporte público contribuiría a reducir todas estas ameazas e a contar cun contorno máis saudable.

Consonte co anterior, as administracións asinantes

ACORDAN

Asinar este convenio, e obrigarse reciprocamente ao seu cumprimento, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

Habilitase ao transporte urbano da cidade da Coruña a estender os seus servizos ás urbanizacións da Zapateira, situada fóra do seu termo municipal, de acordo co establecido neste convenio. En virtude de tal habilitación, poderá realizar tráfico interurbanos coa dita urbanización, tanto de entrada como de saída da cidade.

Segunda. *Condicións de prestación do servizo*

1. O servizo de transporte público colectivo ás urbanizacións da Zapateira será prestado pola empresa contratista da xestión do servizo público de transporte urbano do Concello da Coruña.

Para tal efecto e de resultar preciso, o dito concello, como órgano de contratación, impulsará as adaptacións oportunas no contrato de xestión do transporte urbano. Así mesmo, nas futuras licitacións que promova o concello para adxudicar a dita xestión haberá de incluír a prestación dos servizos obxecto deste convenio, nas condicións que nel se prevén, excepto no caso disposto na cláusula décima deste convenio.

2. O servizo á urbanización da Zapateira prestarase mediante a extensión da actual liña 24 do transporte urbano, nas condicións que se sinalan para o efecto no anexo deste convenio.

Non obstante, o Concello da Coruña poderá, como atribución propia da xestión ordinaria do servizo de transporte urbano, efectuar modificacións puntuais ou non substanciais nas ditas condicións, e delas daráselle conta á Comisión Técnica.

Aquelas modificacións que teñan un contido substancial ou que afecten á estrutura básica da liña deberán ser aprobadas pola Comisión de Seguimento, logo de negociación no seo da Comisión Técnica, debendo constar en acta. No seu caso, esas novas condicións deberán ser remitidas aos órganos competentes de cada administración actuante para que, conforme ao procedemento e prazos establecidos na normativa que resulta de aplicación, se proceda, ou non, á súa aprobación, rexeitamento ou modificación. De resultar definitivamente aprobadas, e a partir da data que se acorde pasarán a ser vinculantes con suxeición ao establecido neste convenio.

Mediante o procedemento indicado no parágrafo anterior poderán, así mesmo, incorporarse novas liñas á prestación do servizo.

3. Para os efectos do previsto no punto anterior, terán carácter de modificación substancial, entre outras, todas aquelas variacións nos horarios dos servizos que supoñan unha redución de expedicións diarias. Non se considerarán modificacións substanciais as que garantan o cumprimento das expedicións e horarios reflectidos no anexo técnico deste convenio.

Non obstante, cando a redución das expedicións diarias tivese a súa causa na aprobación dunha reordenación de liñas e/ou frecuencias polo Concello da Coruña, a súa incorporación ao convenio requirirá unicamente a súa comunicación con carácter previo á súa aprobación á Comisión de Seguimento e Comisión Técnica do convenio para a súa avaliación e estudo de custos. Este preaviso será de, como mínimo, dous meses antes da súa entrada en vigor.

4. Non obstante o previsto no punto 2, calquera incorporación ou modificación das condicións de prestación do servizo conveniado que implique a asunción de novos custos por calquera das partes deberá vir avalado polo correspondente estudo técnico e económico, e haberá de ser aprobado mediante a sinatura dun novo convenio ou dunha addenda a este, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación deste Convenio.

5. Os servizos obxecto deste convenio prestaranse en condicións equivalentes ás do resto do transporte urbano da Coruña, especialmente no que se refire a tarifas, descontos, abonos, frecuencias, horarios, características dos vehículos e accesibilidade. Do mesmo xeito, para os efectos do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, os ditos servizos terán a consideración de servizos de transporte urbano, aplicándose en todo caso as condicións que respecto destes establecen os correspondentes convenios reguladores.

Terceira. Obrigas das partes

1. En virtude deste convenio e con suxeición ao disposto nel, a Xunta de Galicia obrígase a permitir a extensión do transporte urbano da Coruña para que preste servizos de carácter interurbano da súa competencia ás urbanizacións da Zapateira, situadas noutros Concellos.

2. Nos mesmos termos, o Concello da Coruña obrígase a estender as súas liñas de transporte urbano para atender os servizos anteditos. Así mesmo, o Concello da Coruña comprométese a pór a disposición da Consellería de Infraestruturas e Vivenda datos estatísticos actualizados e información detallada sobre o nivel de utilización dos servizos obxecto do convenio.

Sen prexuízo do anterior, o réxime de prestación de servizos obxecto deste convenio non suporá incremento ningún de custos para o Concello da Coruña, e neste senso igualmente o Concello da Coruña só asumirá o sistema de bonificacións sociais daqueles usuarios que se encontren empadroados dentro do seu termo municipal.

3. O Concello de Arteixo e de Culleredo asumen a responsabilidade de compensar economicamente ao Concello da Coruña pola extensión do servizo a que se refire este convenio, sumando, ademais, e só cando se producisen, a totalidade dos investimentos novos necesarios para a prestación do servizo. Para o cálculo da compensación terase en conta o número de quilómetros anuais en que se amplía o percorrido dos autobuses urbanos e o prezo/medio km do servizo de autobús urbano que resulta do servizo que presta a empresa concesionaria no termo municipal da Coruña. Ao importe así obtido descontaráselle os importes vendidos aos usuarios nas paradas correspondentes ao itinerario ampliado, e a diferenza, ingresarase ao Concello da Coruña. Se esta cantidade

resulta inferior á cantidade bonificada polo uso de tarxeta Millennium xeral, ou similar, nesas mesmas paradas do itinerario ampliado, os Concello de Arteixo e Culleredo, nunha proporción do 50% Arteixo e do 50% Culleredo, aboarán o Concello da Coruña, a diferenza.

Durante o primeiro ano de funcionamento do convenio levaranse a cabo liquidacións semestrais. A partir do primeiro ano, liquidarase mensualmente a partes iguais, tendo en conta, o resultado anual da liquidación anterior. O seu resultado regularizarase coa primeira liquidación do ano seguinte.

O prezo/km do servizo de autobús urbano será que resulte dos datos oficiais achegados polo Concello da Coruña a través da empresa titular da concesión da rede única de transporte colectivo urbano de viaxeiros na zona urbana da Coruña, tendo en conta os datos achegados no último exercicio contable pechado. Poderá calquera das partes solicitar cantas aclaracións consideren oportunas para aceptar este custo.

Aprobado o prezo/km inicial conforme ao procedemento anteriormente descrito, actualizarase este na mesma porcentaxe en que se actualice a tarifa ordinaria de autobús para o Concello da Coruña.

Así mesmo, os Concello de Arteixo e de Culleredo asumirán integramente e na mesma proporción (do 50% Arteixo e do 50% Culleredo) as indemnizacións que poidan corresponder aos operadores interurbanos que teñan tráfico coincidentes coa zona na que se produce a ampliación do itinerario.

4. En todo o relativo á ampliación do servizo de autobús obxecto do convenio se aplicarán as normas que regulan o funcionamento do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros mediante autobuses da cidade da Coruña,

Cuarta. Control

A execución deste convenio quedará sometida á función interventora e de control financeiro exercidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. Todo iso sen prexuízo do exercicio das funcións fiscalizadoras propias da Intervención Xeral de cada administración local conforme aos criterios e procedemento establecidos na lexislación e normativa de desenvolvemento que resulta de aplicación.

Quinta. Comisións Técnicas e de Seguimento

1. Créase unha Comisión Técnica composta por unha persoa en representación da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, designada para o efecto pola Dirección Xeral de Mobilidade, e por unha persoa en representación de cada un dos concellos asinantes. A persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade designará ademais unha persoa que realizará as funcións de secretaria, con voz pero sen voto; non obstante, poderá se nomeada para o efecto a mesma persoa que actúe en representación da consellería, en cuxo caso terá voz e voto.

Tanto a Dirección Xeral de Mobilidade coma as alcaldías poderán designar membros adicionais, procurando manter unha composición igualitaria en ponderación do voto, sendo este do 25% para cada unha das partes.

Esta comisión terá as seguintes funcións:

- a) Vixiar o cumprimento do convenio, elevando á Comisión de Seguimento os informes precisos.
- b) Coordinar o seu desenvolvemento, de acordo coas instrucións emitidas, no seu caso, pola Comisión de Seguimento.
- c) Propoñerlle á Comisión de Seguimento as interpretacións do convenio que resulten máis axeitadas para resolver as dúbidas que se presenten durante a súa execución.
- d) Asistir e informar á Comisión de Seguimento para resolver as posibles controversias xurdidas durante o cumprimento do convenio.
- e) Informar á Comisión de Seguimento sobre as modificacións das condicións do servizo, nos termos previstos na cláusula segunda.
- f) Auxiliar, con carácter xeral, á Comisión de Seguimento.

2. Constitúese unha Comisión de Seguimento, que estará composta pola persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade, ou aquela en quen delegue, e pola persoa titular de cada unha das alcaldías dos concellos asinantes, ou aquela en quen deleguen. A persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade designará ademais unha persoa que desenvolverá as funcións de secretaria, con voz pero sen voto.

As xuntanzas da comisión poderá asistir o persoal técnico de ambas as dúas partes que consideren oportuno para a mellor resolución dos asuntos.

O reparto do voto será igualitario sendo este do 25% para cada unha das partes.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes funcións:

- Ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento do convenio e para asegurar o seu cumprimento.
- Interpretar o convenio para resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento.
- Resolver as posibles controversias que xurdan durante a execución.
- Modificar as condicións de prestación do servizo recollidas no anexo, de acordo co disposto na cláusula segunda.

Sexta. Consentimento para a publicación de datos e relación coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, o Concello da Coruña consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

2. A subscrición do convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto daquel e a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, o Concello de Arteixo e o Concello de Culleredo, de xeito que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos ocorridos durante o seu cumprimento.

Séptima. Causas de resolución

Este convenio poderase resolver por calquera das seguintes causas:

- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas reguladoras. Para estes efectos, calquera das partes poderá denunciar por escrito o convenio, trasladándollo de maneira fidedigna á outra cunha antelación mínima de dous meses á data prevista para a resolución.
- A desistencia de calquera das partes asinantes, exercida nos termos da cláusula terceira.
- O mutuo acordo das partes.
- A causa prevista na cláusula décima do presente convenio.

Oitava. Competencia xurisdiccional

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer das controversias xurdidas na execución deste convenio que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento.

Novena. Natureza xurídica e normativa aplicable

1. Este convenio subscríbese ao abeiro da disposición adicional décimo segunda, punto 1, letra a), da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e como tal ten carácter inmediatamente executivo e vinculante para as partes.

C.I.F. P-1503100-H

2. Este convenio encóntrase incluído dentro dos previstos no artigo 6.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

3. Este convenio rexeráse polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Décima. Vixencia

Este convenio terá vixencia por catro anos a contar dende a súa formalización.

En calquera momento antes da finalización do indicado prazo, as administracións participantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, ou a súa extinción.

No caso en que o servizo de carácter interurbano obxecto deste convenio fora incluído entre os novos contratos de transporte que forman parte do novo mapa de transporte interurbano de viaxeiros que actualmente está configurando a Xunta de Galicia, este convenio podería decaer na súa vixencia.

Non obstante, calquera das partes poderá desistir do convenio comunicándollo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima dun ano.

E para que conste, en proba de conformidade, os comparecentes asinan este convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda

Polo Concello da Coruña

Polo Concello de Arteixo

Polo Concello de Culleredo

“ANEXO TÉCNICO I

OPCIONES DE SERVIZO

Existen dúas propostas de itinerario posibles dende a actual finalización da liña, na Urbanización de O Carón, ata as 3 paradas requiridas polos concellos, así como os kilómetros e o tempo necesario para realizar esas extensións.

OPCIÓN A:

Esta opción propón o itinerario máis adecuado para cubrir o servizo nas tres paradas demandadas, da maneira máis óptima. Sería o percorrido de menor lonxitude, polo que sería o máis rápido e o máis económico, ofrecendo así o mellor servizo aos usuarios. Ademais, a parada en travesía da Cornixa podería establecerse no mellor lugar para os veciños, en lugar de ao principio da rúa, como se propón na opción B, pola necesidade de realizar o cambio de sentido.

Ademais, é máis probable que este percorrido se poida realizar sen necesidade de recorrer a servizos adicionais e mantendo o horario establecido actualmente para a liña 24.

Con todo, esta proposta unicamente é posible no caso de que se habilite a conexión coa travesía da Cornixa e a rúa Juan de Otero, xa que actualmente non hai asfalto en ambos os sentidos, ademais de estar cortado o paso a vehículos mediante rocas.

A intervención neste viario é mínima, xa que as beirarrúas están construídas e o paso está aplanado e listo para ser asfaltado. O custo desta intervención poderíase recuperar cos aforros do servizo que ofrece este itinerario.



C.I.F. P-1503100-H

Percorrido: Desde O Carón ata a actual parada en urbanización Los Olivos pola travesía da Xesteira. Regreso pola rúa Juan de Otero para ir cara a Montegolf pola a travesía da Cornixa, onde se faría a parada desta poboación para volver despois cara a O Carón a tomar o percorrido orixinal.

Paradas: 3 paradas adicionais: 2 en Los Olivos e 1 en Montegolf.

Distancia total por expedición: 4,6 Quilómetros


Expedicións diarias: 6 en laborables, 3 os Sábados e 2 Domingos e festivos.

	Días ao ano (ref. 2017)	Expedicións diarias	Exp. Ano
Laborables	246	6	1476
Sábados	52	3	156
Domingos e Festivos	67	2	134
Total expedicións ao ano			1766
Quilómetros/expedición			4,6
Total quilómetros adicionais/ano			8123,6

OPCION B

Esta opción é a única que sería viable a día de hoxe, dado que a conexión máis directa entre Montegolf e Los Olivos está actualmente cortada. Esta opción obriga a realizar un cambio de sentido na Travesía da Cornixa, ademais de percorrer case un quilómetro adicional por cada expedición, de maneira que se amplía o tempo necesario para realizar o percorrido.

Isto obrigará con maior probabilidade a que se deban axustar os horarios propostos, de maneira que podería incidir significativamente na hora e na frecuencia de paso actual e proposta.



C.I.F. P-1503100-H

Percorrido: Desde O Carón ata a actual parada en urbanización Los Olivos pola travesía da Xesteira. Regreso pola mesma travesía para tomar a travesía da Cornixa e ata as portas de Montegolf, onde se daría a volta cara a O Carón para retomar o percorrido habitual da liña.

Paradas: 3 paradas adicionais: 2 en Los Olivos e 1 en Montegolf.

Distancia Total por expedición: 5,3 Quilómetros

Expedicións diarias: 6 en laborables, 3 os Sábados e 2 Domingos e festivos.

	Días ao ano (ref. 2017)	Expedicións diarias	Exp. Ano
Laborables	246	6	1476
Sábados	52	3	156
Domingos e Festivos	67	2	134
	Total expedicións ao ano		1766
	Quilómetros/expedición		5,3
	Total quilómetros adicionais/ano		9359,8

CUSTO DO SERVIZO

Se establece un prezo de **1,30 €/km adicional de liña percorrido** sen IVE. O número de quilómetros requiridos para realizar o servizo determinarán por tanto o custo total máximo do servizo teórico.

Este será o custo por quilómetro de ampliar as expedicións xa existentes nos horarios requiridos, o cal non implicaría ningún incremento na frota nin horas adicionais no persoal. É por iso que o custo do quilómetro adicional nestas condicións, é tan baixo. Con todo, é posible que se teña que variar a hora de paso durante as expedicións

que se queiran realizar con esta extensión, especialmente coa opción B. No caso de que, para evitar este axuste horario, requírase un reforzo das expedicións nas horas nas que se pretende facer o percorrido adicional, o custo sería de **3,4 €/Km de reforzo adicional**.

Para o caso en que se esixa un reforzo da liña 24, contaríase ademais cos quilómetros totais a percorrer, xa que é un servizo que a liña, en si, non necesita en ningún momento do día, (a liña UDC funciona xa como reforzo dos centros escolares e universitarios polos que da servizo a liña 24) ademais de que non existe unha demanda suficiente que poida xustificar a súa implantación.

A Liña 24 percorre 9,22 Quilómetros de Ida e 9,46 quilómetros de volta, ademais de 4,4 kms de ida e volta entra a cocheira e a praza de Pontevedra. Así pois, cada expedición adicional de reforzo, supón percorrer 23,08 Kms, cun custo de **78,47 € /expedición**.

A factura para emitir pola compañía á administración ou administracións interesadas, incluírá o prezo por quilómetro ofertado, multiplicado polo número de quilómetros adicionais que se requiran para o funcionamento dos horarios e expedicións necesarias.

A esta cantidade descontaríanselle os ingresos dos viaxeiros que se suban nas novas paradas, multiplicado por 1,9. Desta maneira inclúense non soamente aos clientes que se soben ao servizo nas paradas adicionais como orixe dos seus desprazamentos, senón tamén para baixarse como destino, provenientes doutros puntos da cidade, baixo a premisa de que o 90% dos usuarios que se soben na liña, viñeron ou volverán no mesmo servizo de autobús. Actualmente, os ingresos de cada viaxeiro son de 1,18182€ sen IVE.

Este prezo poderá ser revisado anualmente, en función dos incrementos dos custos de explotación e tamén polas variacións do prezo do billete.

C.I.F. P-1503100-H

PREZO DO SERVICIO = 1,30€/Km X [Nº Kms adicionais de liña] + 3,4€/km X [º kms de reforzo] - [Nº Viaxeiros novos] X 1,182 x 1,9

Así pois, sen descontar os viaxeiros que poidan subirse nas novas paradas:

O custo Anual da Opción A será de: 10.560,68 €/ano (sen IVE)

O custo anual do Opción B será de: 12.167,74 €/ano (sen IVE)

Para ambas opcións, a ampliación cunha nova expedición de reforzo tería un custo de sería de **19.304,11 €/Expedición adicional ano**.

EXPEDICIÓN:

Realízanse dúas propostas comúns para ambas propostas de percorrido, tanto A coma B, en función do manifestado polos concellos interesados nas necesidades dos veciños. Con todo, é esencial ter en conta que as expedicións e os horarios poden verse modificados en caso de necesitar axustarse ao que poida xurdir, a medida que se revise cos grupos de interese ou unha vez probado o novo servizo, afectando así o servizo xeral da liña.

Ademais, como xa se dixo anteriormente, o axuste do horario será máis probable no caso de que leve a cabo a opción B en lugar da A, por ser a opción B un percorrido máis longo e lento.

Proposta A

- Laborables: 7:20, 7:45, 14:25, 15:25, 20:55 e 22:45
- Sábados: 10:25, 14:25 e 22:25
- Domingos e Festivos: 14:25 e 23:10.

Proposta B

- Laborables: 7:20, 8:35, 14:25, 15:25, 20:55 e 22:45
- Sábados: 10:25, 14:25 e 22:25
- Domingos e Festivos: 14:25 e 23:10.

Como se pode ver, preténdese manter os mesmos horarios de saída desde a praza de Pontevedra.

ANEXO TÉCNICO II.

LIÑA 24.(2400) LABORABLES

C.I.F. P-1503100-H

TURNO	24-		TURNO	24-A
Cocheira	06:50		Cocheira	07:15
P. PONTEVEDRA	ZAPATEIRA		P.PONTEVEDRA	ZAPATEIRA
07:00	07:20		07:25	07:45
07:45	08:10		08:10	08:35
08:35	09:00		09:00	09:30
09:30	10:00		10:00	10:30
10:30	11:00		11:00	11:30
11:30	12:00		12:00	12:30
12:30	13:00		13:00	13:30
13:30	14:00		14:00	14:25
14:30	15:00		15:00	15:25
15:30	16:00		16:00	16:30
16:30	17:00		17:00	17:30
17:30	18:00		18:00	18:30
18:30	19:00		19:00	19:30
19:30	20:00		20:00	20:30
20:30	20:55		21:00	21:25
21:20	21:45		21:45	22:05
22:05	22:25		22:25	22:45
22:45				23:05
RETIRA	22:55		RETIRA	23:15

Os horarios sinalados en vermello con fondo de cor son os de saída da urbanizacións Los Olivos. O valor con fondo en cor laranxa corresponde á alternativa de horario da proposta B contra a proposta A.

LIÑA 24.(2400) SÁBADOS

C.I.F. P-1503100-H

TURNO	24-
Cocheira	07:05
P.PONTEVEDRA	ZAPATEIRA
07:15	07:30
07:45	08:00
08:15	08:35
09:00	09:30
10:00	10:25
11:00	11:30
12:00	12:30
13:00	13:30
14:00	14:25
15:00	15:30
16:00	16:30
17:00	17:30
18:00	18:30
19:00	19:30
20:00	20:30
21:00	21:30
22:00	22:25
22:50	
RETIRA	23:00

Os horarios sinalados en vermello con fonde de cor son os de saída da urbanización Los Olivos.

LIÑA 24.(2400) FESTIVOS	
TURNO	24-
Cocheira	07:50
P. PONTEVEDRA	ZAPATEIRA
08:00	08:15
08:30	08:45
09:00	09:30
10:00	10:30
11:00	11:30
12:00	12:30
13:00	13:30

14:00	14:25
15:00	15:30
16:00	16:30
17:00	17:30
18:00	18:30
19:00	19:30
20:00	20:30
21:00	21:30
22:00	22:25
22:45	23:10
23:35	
RETIRA	23:45

Os horarios sinalados en vermello con fondo de cor son os de saída da urbanización Los Olivos.”

Consta informe da intervención municipal de data 25 de febreiro de 2019 (código de documento UIT13I007O).

Consta informe da asesoría xurídica do Concello de data 21 de febreiro de 2019 (código de documento UAJ13I001X).

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que durante os últimos meses e facéndose eco da necesidade de dotar de servizo de transporte á zona da Zapateira, núcleo territorial e poboacional pertencente a tres concellos (A Coruña, Culleredo e Arteixo) que carece totalmente de dito servizo de transporte no que se refire a estes dous últimos concellos (Culleredo e Arteixo) víñanse celebrando conversacións interadministrativas entre eles e a Xunta de Galicia como autoridade competente; que froito de ditas conversacións chegouse a un texto de convenio de colaboración que é o que hoxe se trae ao Pleno e que debe ser sometido a aprobación dos correspondentes órganos de goberno das citadas administracións públicas; que analizada a concreta proposta formulada polo Concello da Coruña é evidente que a mellor opción das dúas que se presentan tecnicamente podería ser a opción A pero hai unha serie de obras que ten que acometer o Concello de Arteixo para que poida ser operativo polo que neste momento a opción pola que se decantan os técnicos é a opción B; que non obstante o que se propón é a aprobación dun convenio que leva as dúas propostas de forma que o día que se poidan acometer as obras necesarias polo Concello de Arteixo os técnicos poderían decantarse pola opción que técnica, económica e financeiramente fora máis sostible e viable; que o custo que se expón é adecuado ao servizo que se pretende e que de ter que establecer unha expedición de reforzo habería que descontar os ingresos e o desconto por viaxeiro tería que ser de todos os viaxeiros transportados naquelas expedicións; que os Concellos de Arteixo e Culleredo asumirán na mesma proporción (50% Arteixo e 50% Culleredo) o custo do servizo; que os horarios en principio resultan tamén adecuados e por todo o exposto, vistos os informes que obran no expediente e a memoria xustificativa elaborada polo xefe do gabinete técnico, propónse ao Pleno municipal aprobar o contido deste convenio de colaboración a suscribir entre a Xunta de Galicia e os concellos de Arteixo, Culleredo e A Coruña para a coordinación do servizo de transporte público das súas respectivas competencias con orixe ou destino nas urbanizacións da Zapateira que se achega á proposta.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela quen, unha vez concedido, di que o grupo popular vai apoiar esta proposta pero que lle gustaría se fixera cun pouquiño máis de definición pois na proposta aparecen dúas opcións, unha máis favorable e outra menos pero esta viable actualmente e a outra non polo que se podería explicar en que momento sería viable a que agora non o é e o concello de Arteixo podería aportar un cronograma que indicara cando se farían as obras que farían viable a opción que parece máis recomendable pois do contrario a proposta quedaría un tanto ambigua, sen aclarar se se van facer as obras para que a opción A fora viable ou non, polo que consideran necesario que se concreten uns prazos e se inclúan na proposta para poder determinar os custos das dúas opcións nuns periodos de tempo determinados.

Seguidamente solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que efectivamente sería desexable que existise ese cronograma pero que neste caso estase a falar dun convenio de colaboración entre varias administracións públicas e no convenio pódese recoller o que atinxe a competencias de carácter supramunicipal e non ao que lle compete a unha soa das partes como é o Concello de Arteixo, esperando que as obras se acometan o antes posible dadas as conversas mantidas co dito concello.

Intervén a continuación o sr. alcalde e lle pregunta ao Sr. Cañás Varela se lle quedou clara a resposta do Sr. Taibo Monelos.

Responde o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela, e di que non.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que se trata dun tema urbanístico que ten que solucionar o Concello de Arteixo e que se contempla no convenio porque desde a urbanización Monte Golf ata as urbanizacións Os Olivos e Vallesur, se se abrixa a zona que se atopa urbanizada pero sen construír, se facilitaría moito a mobilidade a través do bus urbano; que se contempla esa posibilidade porque se despois houbera que cambiar o traxecto do autobús, habería que retomar toda esta cuestión novamente, asegurando que o Concello de Arteixo está acelerando todos os trámites para que a opción A sexa factible nun breve prazo de tempo pero que se trata dun tema urbanístico que ten que negociar cos propietarios das parcelas e logo o tratará administrativamente, considerando moi óptimo telo contemplado no convenio porque desta forma no momento en que ese vial estivera aberto non habería que retomar todo este tema para que o autobús cambiara o seu traxecto pois xa estaría contemplada esa alternativa.

Pide o uso da palabra o Sr. Cañás Varela e pregunta se hai data para a construción do vial necesario para a opción A.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que o Concello de Arteixo neste momento non é capaz de dar unha data concreta pero si manifesta unha vontade moi positiva nese sentido e que se teñen algún dato o farán saber.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 19 de febreiro de 2019, resultando aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 19 de febreiro de 2019, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- PROPOSTA RELATIVA A INCOACIÓN PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DE OFICIO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADO EN SESIÓN DE DATA 23 DE OUTUBRO DE 2017 RELATIVO Á APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO DE TÉCNICOS DE XESTIÓN (PROMOCIÓN INTERNA).

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 21 de febreiro de 2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior, Medio Ambiente e Obras, na súa sesión de data 21 de febreiro de 2019, que literalmente di:

“PROPOSTA

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 24/11/2016, aprobou o denominado “Plan de emprego 2016-2019” que foi negociado na Mesa xeral de negociación e asinado polas/os representantes da administración e das organizacións sindicais CSIF, CCOO e UGT o día 04/11/2016.

Entre os seus obxectivos inclúese, entre outros, impulsar os procesos de promoción tanto horizontal como vertical e a súa m medida 7 recolle o soporte normativo da mesma, o número de prazas a convocar, e os criterios xerais do sistema selectivo.

O 23/10/2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a convocatoria e as bases da convocatoria do proceso selectivo para cubrir catro prazas de técnicas/os de xestión (promoción interna)

O 15/02/2019 dona Sonia González Valcarce o 15/02/2019 presenta una solicitude instando acción de nulidade contra a aprobación da convocatoria e bases do proceso selectivo de técnicos de xestión por promoción interna, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión que se celebrou o 23/10/2017.

Considerando o disposto ao respecto polo artigo 106 e concordantes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de revisión de oficio do acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada o 23/10/2017 por medio do cal se aprobou a convocatoria e bases do proceso selectivo de técnicos de xestión por promoción interna.

Segundo.- Conceder audiencia previa aos interesados no expediente de nulidade iniciado para que no prazo máximo de quince días aleguen o que estimen oportuno en defensa dos seus dereitos e intereses.

Terceiro.- De acordo co disposto polo artigo 108 da Lei de Procedemento Administrativo, suspender a execución do acto en revisión, ao considerar que esta puidera causar perxuizos de difícil reparación.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, fai unha presentación da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quere expresar o seu sentimento de tristeza e apoio aos traballadores que levan tanto tempo e tantos cartos adicados a prepararse, sacando horas de disfrute coas súas familias e do ocio, considerándoo unha faena que ten uns culpables polo que lle gustaría que o equipo de goberno, neste Pleno, recoñezan esta situación porque non se trata dunha sorpresa que acaba de chegar e o goberno estaba avisado e superavisado xa que hai un informe da Sra. Secretaria de outubro de 2017, volvendo a informar en novembro de 2018, e procede á lectura dun pequeno anaco que di dicir: “nas bases convócanse catro prazas de técnicos de xestión por promoción interna sen que se convoque ningunha praza para turno libre, feito este que vulnera o disposto no artigo 23.2 da Constitución española, o principio de igualdade no acceso aos postos de traballo, polo que é ilegal dita reserva do 100% das prazas para promoción interna”; que igual o equipo tiña dúbidas e iso foi o motivo de que enganaran aos traballadores, crendo que agora non val que os reúnan para chorar, debendo asumir o que se fixo que foi enganalos durante todos estes anos.

Seguidamente solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños dá por feito consumado que o proceso é nulo cando do que se trata é dun trámite preceptivo pois cada vez que un administrado, un interesado, presenta un escrito de solicitude de nulidade nun procedemento administrativo, é preceptivo iniciar este trámite precisamente para vislumbrar ou dilucidar se se dan os requisitos que revistan ao procedemento de nulidade; que o certo é que a lei marca que para a promoción interna hai un mínimo de reserva de prazas, sen marcar un máximo, e que para as prazas de reserva libre, actualmente coa lexislación que hai non sería posible acometer este proceso de promoción interna; que é un proceso co acordo de todas as centrais sindicais que redunda moi favorablemente no organigrama de persoal do Concello; que de todas formas nesta sesión non se está acordando que o proceso sexa nulo, limitándose a dicir que unha persoa presentou un escrito solicitando a nulidade e como consecuencia diso a lei de procedemento administrativo común di que hai que incoar este expediente para saber se efectivamente se cumpren ou non esa serie de requisitos e unha vez cheguen todos os informes que son previos, preceptivos e vinculantes, será cando se decida se se dan ou non eses requisitos que o equipo de goberno entende que non.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 21 de febreiro de 2019, co seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (dezaséis) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias, Taibo Gago, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballada Feijoo, Chouciño Garrido e Vázquez Lozano.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: 5 (cinco) dos sres/as: Cañás Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 21 de febreiro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.- PROPOSTA RELATIVA A CORRECCIÓN DE ERROS EN PLANOS DO “PLAN ESPECIAL DE EQUIPAMENTO EN SOLO RÚSTICO DO SPORTING CLUB CASINO”.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado de Urbanismo, de data 21 de febreiro de 2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, na súa sesión de data 21 de febreiro de 2019, que literalmente di:

“Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo ao Pleno Municipal para a corrección de erros en 12 caxetins dos planos do “Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino”.

ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación en sesión de data 25 de outubro de 2018, acordou aprobar definitivamente o Plan especial de equipamento en solo rústico Sporting Club Casino, que asinaron dixitalmente o 03.09.2018 os arquitectos D. Antonio Ferreiro Novo e D. José Manuel Varela Castro.

No Diario Oficial de Galicia núm 221 de data 20 de novembro de 2018 publicóuse anuncio sobre a aprobación definitiva, e no Boletín Oficial da Provincia núm. 223 de data 22 de novembro de 2018 publicóuse a normativa e as ordenzas do plan especial.

En data 12 de decembro de 2018 remitiuse a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia copia do plan especial en soporte dixital.

Con posterioridade detectáronse unha serie de erros nos planos do instrumento aprobado.

En data 18 de febreiro de 2019 o xefe do servizo de Urbanismo emite informe que transcrito di:

“ASUNTO.- Emisión informe sobre a documentación achegada para a subsanación de erros en 12 caxetins dos planos do Plan Especial de Equipamento en solo Rústico, para a súa tramitación e envío a Xunta de Galicia.

Antecedentes:

En data 29.05.2017, a Xunta de Goberno Local, adoptou o acordo de aprobación inicial do Plan Especial.

En data 16.04.2018, a Xunta de Goberno Local, adoptou o acordo de aprobación provisional do Plan Especial.

O Pleno municipal en sesión celebrada o día 25.10.2018, adoptou o acordo de aprobación definitiva do Plan Especial.

Tras a aprobación definitiva, remítese o documento a Xunta de Galicia, quen detecta unhas erratas na escala de 3 planos.

Con data 5 de febreiro de 2019, incorpóranse 2 documentos elaborados polos arquitectos D. José Manuel Varela Castro e D. Antonio J. Ferreiro Novo , que teñen por obxecto corrixir en distintos caxetins dos planos, 3 erratas detectadas polo funcionario da Xunta, no momento de incorporalos ao portal SIOTUGA.

Tras a análise minuciosa, corrixen e modifican en total 12 erratas nos caxetins dos planos (incorporando un anexo específico da errata e o seu corrector) que a continuación resumo.

11- Na Escala gráfica do plano.

1- No formato do plano

Nº DE PLANO	INDICASE	DEBE SER
INF-01	1/2000	1/4000
INF-02	1/2000	1/4000
INF-03	1/2000	1/4000
INF-04	1/2000	1/4000
INF-05	1/2000	1/4000
INF-06	1/2000	1/4000
INF-07	1/2000	1/4000
INF-08	1/2000	1/4000
INF-09	1/2000	1/4000
INF-11	FORMATO A-3	295x1501

RF-01 1/1000 1/2000

RF-01 1/1000 1/2000

Como pode observarse, 10 planos son de información do ámbito obxecto do Plan Especial, e cunha simple visualización xa permite comprobar que non está en formato DIN, senón que se pretende adaptar o tamaño do papel a lonxitude da parcela existente.

Os outros dos planos corresponden a RF-01, que contempla as zonas de servidume e policía do Rego de Castro, perfectamente referenciado coas construcións existentes (un na ADENDA de resposta ao requerimento de Augas de Galicia de 16.05.18) e o outro nos planos de ordenación.

En opinión deste técnico, son uns erros materiais, que en nada afectan ao documento aprobado, corríxense a escala dun plano de información e outro de ordenación final, no que se debuxan os elementos existentes do equipamento e permiten que calquera profesional das simples proporcións do debuxado deduza a escala. En nada se alteran determinacións do aprobado; son evidentes erros materiais.

Corríxense estas erratas respecto a posibles medicións.

Reitero que as correccións do documento afectan soamente ao sinalado nos citados caxetines, sen ningunha outra modificación no xa grafiado e aprobado, a pesar de que os técnicos redactores do documento, os presentan para os efectos pertinentes.

Revisouse a documentación, e axústase en todo o grafiado ao estritamente aprobado, as correccións efectuadas fanse a petición da Xunta, para a súa publicación no SIOTUGA.

O que se informa aos efectos oportunos."

Os planos a rectificar se corresponden cos relacionados no listado seguinte, que veñen a substituír aos contidos no documento aprobado definitivamente.

NÚM PLANO	NOME	ESCALA
INF-01	Planeamento vixente	1/4000
INF-02	Siose 2005	1/4000
INF-03	Pendientes	1/4000
INF-04	Orientación de ladeiras	1/4000
INF-05	Lidar - alturas	1/4000
INF- 06	Foto aérea 1956	1/4000
INF-07	Usos do solo - Sixpac	1/4000
INF-08	Foto aérea actual	1/4000

INF-09	Parcelas catastrais – ámbito segundo levantamento topográfico	1/4000
INF- 11	Seccións xerais do terreo e instalacións existentes	295x1501
RF-01	Rede fluvial – servidume e zona de policía	1/2000
RF-01	Rede fluvial – servidume e zona de policía	1/2000

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 109.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro establece que “Las Administraciones Publicas podran, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.

A xurisprudencia é pacífica verbo da definición da corrección de erros nos instrumentos de planeamento.

Así, por exemplo, a sentenza do tribunal Supremo de 8 de xullo de 1982 sinala que: “el acto administrativo rectificador ha de mostrar idéntico contenido dispositivo, sustantivo y resolutorio del acto rectificado, sin que la Administración pueda bajo su potestad rectificadora encubrir una auténtica potestad revocadora, la cual entrañaría un verdadero trans legis constitutivo de una desviación de poder” .

C.I.F. P-1503100-H

Por tal motivo o tribunal Supremo advirte da necesidade de diferenciar entre erro de dereito e mero erro de feito material, negando a existencia deste último cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo, esixa unha operación de alteración fundamental no sentido do acto, entendendo que o erro material ou aritmético é so o erro evidente, é dicir, aquilo que non transforma nin perturba a eficacia substancial de acto no que existe.

Identica doutrina se seguiu en sentencias do tribunal Supremo de 3 e 22 de outubro de 1986, 8 de febreiro de 1990 e 24 de marzo de 1992, entre outras.

En consecuencia, erro material ou de feito é aquel que se caracteriza por ser ostensible, manifesto, indiscutible e evidente por si mesmo, por poder advertirse polos propios datos que obran no expediente, sen necesidade ningunha de interpretación das normas aplicables.

No presente caso, os erros se constantan coa visualización dos planos, xa que, como indica o xefe do servizo de Urbanismo afectan soamente ao sinalado nos caxetíns, sen ningunha outra modificación do xa grafiado e aprobado.

Polo que respecta á competencia para a corrección de erros, de acordo co disposto no artigo 109.2 da lei 39/2015, en consonancia co artigo 22 da lei 7/1985, de 2 de abril, dedúcese que a competencia correspóndelle ao Pleno da Corporación, por ser este órgano quen aprobou definitivamente o plan especial de equipamento en solo rústico Sporting Club Casino, sen prexuízo da comunicación que do acordo se faga á consellería competente en materia de urbanismo para a súa constancia e da publicación do mesmo no D.O.G.A, de acordo co previsto no artigo 88 da lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

Polo exposto, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo.

Primeiro.- Corrixir os erros materiais detectados nos seguintes planos do plan especial de equipamento en solo rústico Sporting Club Casino: INF-01- planeamento vixente, INF-02-siose 2005, INF-03-pendientes, INF-04-orientación de ladeiras, INF-05-lidar-alturas, INF-06-foto aérea 1956, INF-07-usos do solo- Sixpac, INF-08-Foto aérea actual, INF-09-parcelas catastrais-ámbito segundo levantamento topográfico, INF-11-Seccións xerais do

terreo e instalacións existentes, RF-01-rede fluvial-servidume e zona de policía e RF-01-rede fluvial- servidume e zona de policía, que se aproban neste acto.

Segundo.- Remitir o acordo da corrección de erros materiais á consellería competente en materia de urbanismo, xunto cos planos corrixidos para a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia.

Terceiro.- Publicar o acordo de corrección de erros materiais no Diario Oficial de Galicia.

Cuarto.- Que se proceda a realizar a anotación complementaria acreditativa da rectificación de erros no instrumento aprobado polo pleno en sesión de data 25 de outubro de 2018.

Quinto.- Notificar o presente acordo aos interesados.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 10, en concordancia co artigo 8.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición contencioso administrativa.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que, tal como se ditaminou favorablemente na Comisión Informativa de Urbanismo do día 21 de febreiro de 2019, traese ao Pleno esta corrección de erros pois hai unha serie de planos técnicos nos que parece hai un erro na escala; que este erro foi detectado pola Administración e para poder corrixir e dilixenciar os ditos planos hai que pronunciarse novamente en sesión plenaria; que se trata dun erro menor provocado seguramente polo arquitecto da promoción na escala dos planos que no seu día pasou desapercibido e é detectado neste momento e sobre o que hai que pronunciarse novamente para poder sacar adiante o plan especial.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que quere facer unha aclaración con motivo do plan especial pois había moita presa para facer a aprobación e dar viabilidade ao plan especial pola premura que tiñan as obras e agora detéctase un engano; que un engano teno calquera pero se había tanta presa tanto o arquitecto do Casino como os técnicos municipais igualmente para non ver ese erro, verdadeiramente se a presa era tanta facer ben as cousas acorta tempos.

Deseguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que vai votar en contra non porque non haxa que corrixir un erro senón por coherencia co voto emitido cando se aprobou esta cuestión; que hai uns meses, na aprobación desta cuestión, sete concelleiros asinaron un documento no que solicitaban un informe “ad hoc” para dilucidar se este plan estaba invadindo terreos veciñais; que non se lle deu no seu momento nin a posteriori, chegando agora á necesidade de corrixir un erro material sen que se lle teña facilitado o dito informe solicitado conforme ao regulamento e conforme á lei; que esta non é a maneira de amosar respecto por esta institución, pois se está feita unha solicitude conforme á lei haberá que respondela e non só non se responde no seu momento, ou unha semana ou un mes despois, senón que nen sequera se dignan a traelo agora para a aprobación desta cuestión motivo polo que por coherencia co seu voto inicial volverá a votar en contra.

Intervén o alcalde-presidente e di que toda a documentación estaba coa proposta inicial.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado de Urbanismo, de data 21 de febreiro de 2019, co seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (catorce) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García e Vázquez Lozano.

Votos en contra: 1 (un) do Sr. Chouciño Garrido

Abstencións: 6 (seis) dos sres/as: Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro de Urbanismo, de data 21 de febreiro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6.- DACIÓN DE CONTA DA SOLICITUDE DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO, PARA O FINANCIAMENTO DO MANTENIMENTO XERAL E RESERVA DE PRAZAS NO CENTRO OCUPACIONAL “A ESCADA” PARA O ANO 2019, POR UN IMPORTE TOTAL DE 70.000€.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación da resolución de data 30 de xaneiro de 2019 na que se acorda solicitar a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para o financiamento do mantemento xeral e reserva de prazas no centro ocupacional “A Escada” para o ano 2019, por un importe total de 70.000 euros, así como aprobar a memoria de actividades a desenvolver no Centro Ocupacional “A Escada” durante o ano 2019 cun orzamento total de gasto que ascende a 149.717,35 euros.

C.I.F. P-1503100-H

7.- DACIÓN DE CONTA INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 24/01/2019 (código de documento UIT13I0011)
- Informe de data 12/02/2019 (código de documento UIT13I0049)

8.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 182 resolucións numeradas da 86 á 267 do ano 2019, que se relacionan deseguido:

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
86	23/01/2019	Concesión a J.A.M.M. da licenza de segregación que solicitou para a parcela con referencia catastral 15031A03200267, situada no lugar de Souto, parroquia de Orro.	

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
87	23/01/2019	Concesión a J.A.V.L. da licenza de segregación que solicitou para a parcela con referencia catastral 1656905NH5915N0001XW, situada na rúa Pelamios, parroquia de Almeiras.	
88	23/01/2019	Anulación liquidación practicada consumo auga 4º trimestre 2019 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55m3 trimestre) serán os establecidos para o 2º tramo 0,66m3 a V.G.A.	
89	23/01/2019	Anulación liquidación practicada consumo auga 4º trimestre 2018 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55m3 trimestre) serán os establecidos para o 2º tramo 0,66m3 a D.J.AT.	
90	23/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a A.F.P.	
91	23/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a J.M.V.R.	
92	23/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.C.S.F.	
93	23/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a C.M.A.Q.	
94	23/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.A.S.V.	
95	23/01/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento, a J.P.M.G. para a actividade de "Mantemento e reparación de vehículos de motor", nunha nave situada na R/ E no Polígono Industrial de Alvedro (parroquia de Almeiras).	
96	23/01/2019	Concesión permiso vertedura sistema público saneamento, R.G.V., en nome e representación R.G.V. REFRIGERACIÓN SL, para actividade "instalacións de frío, calor e acondicionamento de aire", nunha nave situada R/ I, Polígono Industrial Alvedro.	
97	23/01/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento, a J.C.M.C. para a actividade de "restaurantes e postos de comidas", nun local situado na rúa Amparo López Jean (Rutis).	

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
98	23/01/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento, a P.G.B.L. para a actividade de "comercio polo miúdo de mobles.", nunha nave situada na rúa E, no Polígono Industrial de Alvedro.	
99	23/01/2019	Requirimento EBANISTERÍA ANVE, SL retirada vehículo 5670CYD vía pública, coa advertencia que de non cumprir indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
100	24/01/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 28-01-2019.	
101	24/01/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do 25-02-2019.	
102	24/01/2019	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados no mes de novembro de 2018 (D.N.R. e F.U.T.).	
103	24/01/2019	Aboamento a P.B.S. servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo.	
104	24/01/2019	Aboamento a C.V.B. servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo.	
105	24/01/2019	Concesión dunha gratificación por servizos extraordinarios realizados fóra da súa xornada de traballo a D.Q.R.	
106	24/01/2019	Aboamento dunha gratificación económica por asistencia a xulgados fóra da xornada laboral por temas relacionados coa súa actividade profesional aos membros da Policía Local de Culleredo J.A.G.C. e dous máis.	
107	24/01/2019	Elevación a definitiva da proposta do Tribunal Cualificador do día 14-12-2018 pola que se declara que superou a fase de oposición do proceso selectivo para cubrir unha praza de Inspector da Policía Local (promoción interna) J.L.L.P.	
108	24/01/2019	Substitución L.P.G. como secretaria titular Comisión Valoración formación lista substitución pedagogo/a (persoal funcionario interino) e K.D.A. secretaria suplente e designación secretaria titular P.M.P.N. e suplente á persoa que ocupe Secretaría accidental.	
109	24/01/2019	Substitución K.D.A. como secretaria titular Comisión Valoración formación lista substitución pedagogo/a (persoal funcionario interino) e L.P.G. secretaria suplente e designación secretaria titular P.M.P.N. e suplente á persoa que ocupe Secretaría accidental.	
110	24/01/2019	Inicio do procedemento para o nomeamento dun/dunha traballador/a social, funcionario interino ata que se cubra definitivamente ou se amortice o citado posto de traballo.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
111	24/01/2019	Concesión a J.R.C. e outro da licenza de segregación que solicitaron dunha parcela situada na rúa Silva, parroquia de Almeiras.	
112	24/01/2019	Concesión a M.D.M. dunha ampliación no servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 10 horas á semana (agás festivos).	
113	24/01/2019	Desestimación do recurso de reposición presentado por M.A.S.R. contra a liquidación do imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.	
114	25/01/2019	Baixa licenza municipal ocupación terreos uso público para unhas mesas e cadeiras para a terraza do local adicado a "salón de xogos recreativos, sala de internet e anexo de bar" situado na Av. Acea de Ama 14 (O Burgo) concedida a EXPLOMARSA CORUÑA, SL.	
115	25/01/2019	Solicitude participación convocatoria programa subvencións concellos e entidades locais mantemento conservatorios, escolas música e escolas danza municipais 2019 para proxecto Mantemento gastos funcionamento Conservatorio Municipal Culleredo, importe 20.000€	
116	25/01/2019	Anulación liquidación practicada consumo auga 4º trimestre 2018 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55m3 trimestre) serán os establecidos para o 2º tramo 0,66m3 a E.A.A.A.	
117	28/01/2019	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do 31-01-2019.	
118	28/01/2019	Deixar sen efecto a resolución núm. 1869/2018.	
119	28/01/2019	Inicio procedemento sancionador tráfico. Expediente: 9B8869/2018.	
120	28/01/2019	Concesión a V.P.G. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Folgueira, parroquia de Castelo.	
121	28/01/2019	Concesión licenza modificacións que se introducen no "modificado ao proxecto básico e de execución dunha vivenda unifamiliar" redactado por R.B.T. o que supón unha modificación da resolución 1216/2014 de concesión M.J.G.F. licenza obras construción vivenda unifamiliar	
122	28/01/2019	Aceptación do desestimento da solicitude de licenza de obra respecto da construción da vivenda unifamiliar e edificación auxiliar, mantendo a mesma respecto do peche da fronte da parcela e das obras de urbanización que formularon J.J.L.A. e R.C.R.	
123	28/01/2019	Concesión a S.B.M. e F.M.I.L. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda na rúa Eduardo Pondal, parroquia de Rutis.	
124	25/01/2019	Ordenación da práctica dunha información previa para o esclarecemento dos feitos, a determinación dos seus posibles responsables e a procedencia de iniciar ou non o procedemento disciplinario. (Denuncias funcionarios Policía Local).	

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
125	29/01/2019	Denegación da solicitude dunha bonificación para o ano 2019 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a A.R.L.	
126	29/01/2019	Concesión a M.S.M. e J.C.G. da licenza de primeira ocupación para unha vivenda situada na rúa Canle Bieito, parroquia de Rutis.	
127	29/01/2019	Concesión a A.Q.B. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela con referencia catastral 15031A006003250000OB, na rúa San Xiao, parroquia de Almeiras.	
128	30/01/2019	Corrección da resolución do concelleiro delegado de Urbanismo do 23-01-2019, para a segregación da parcela con referencia catastral 15031A03200267, situada no lugar de Souto, parroquia de Orro.	
129	30/01/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente:106/2019 e máis.	
130	30/01/2019	Solicitude participación convocatoria programa subvencións concellos e entidades locais provincia Coruña creación ou mantemento serv. normalización lingüística 2019, proxecto Creación, mantemento e reforzo serv. normalización lingüística, importe 12.000€.	
131	30/01/2019	Solicitude formalización Convenio colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para financiamento mantemento xeral e reserva prazas centro ocupacional A Escada 2019, importe 70.000€ e aprobación memoria actividades a desenvolver, orzamento 149.717,35€	
132	30/01/2019	Concesión a M.B.P. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	
133	30/01/2019	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo de Teleasistencia domiciliaria formulado por V.M.R.	
134	30/01/2019	Concesión I.Z.R.S. axuda económica pago de recibos de electricidade por importe de 148,39€ do período do 08-06-2018 ao 07-08-2018 e do período do 08-08-2018 ao 04-10-2018 e para os recibos de electricidade de outubro de 2018 a outubro 2019, e máis.	
135	30/01/2019	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados no ano 2019. (F.J.V.T. e máis).	
136	30/01/2019	Adxudicación da execución do servizo "actividades modulares de benestar social 2018-2019. Lote 2: actividades físicas específicas" á empresa ESPROADE SL, fixando o prezo en 12.617,28€, IVE engadido, con cargo ao orzamento de 2019.	
137	30/01/2019	Concesión E.G.G. cambio de material para exercer servizo transporte público de persoas co vehículo marca ASTRA SPORTS TOURER+, matrícula 6582KSY, 5 prazas en substitución vehículo marca OPEL ASTRA matrícula 0316HXJ, conservando núm. 29 licenza municipal.	

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
138	30/01/2019	Concesión permiso vertedura sistema público de saneamento a F.J.C.G., en nome e representación de SOCIEDAD ESPAÑOLA DE MONTAJES INDUSTRIALES SA para a actividade de "instalacións eléctricas", nunha nave situada rúa B, P. Industrial Alvedro.	
139	30/01/2019	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego A. Taibo Monelos, o día 04-02-2019 desde as 13.00 ata as 15.00 horas.	
140	31/01/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 04-02-2019.	
141	31/01/2019	Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de "Conservación y acondicionamiento en el polideportivo de Tarrío", redactado por GROMA OBRAS SL.	
142	31/01/2019	Modificación da licenza municipal para a instalación da terraza do local adicado a pastelería situado na Av. Vilaboa, parroquia de Rutis, concedida a M.N.B.R.	
143	31/01/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a O.R.U., en nome e representación de DISTRIBUCIONES DEL BIERZO, SA, para a actividade de "comercio ao por maior doutros produtos alimenticios", nunha nave situada na R/ José Espronceda.	
144	31/01/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a P.S.C., en nome e representación de NIÑA DEL AGUA SL, para a actividade de "establecimientos de bebidas", na rúa Anxo Senra Fernández (O Burgo).	
145	31/01/2019	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para rede de baixa tensión subterránea nunha parcela situada no Lugar da Telva, parroquia de Almeiras.	
146	31/01/2019	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para rede de baixa tensión subterránea no Lugar de Celas, 56.	
147	31/01/2019	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA para LMTS, CTS, RBT Av. Vilaboa 147- Rutis.	
148	31/01/2019	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para RBT41 parcela 558 - Lugar de Avilleira - Sueiro.	
149	31/01/2019	Corrección erro detectado na resolución núm. 124/2019.	
150	31/01/2019	Corrección erro detectado na resolución núm. 88/2019.	
151	31/01/2019	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago de facturas varias (G.F.G.- 540,02 € e máis).	

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
152	31/01/2019	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2019/1. (TERCEIRO: LIMPEZAS E SERVICIOS XALO SL-IMPORTE TOTAL: 14.779,58€ e máis).	
153	01/02/2019	Estimación alegacións presentadas ao expediente sancionador de tráfico 12132/2018.	
154	04/02/2019	Solicitud de participación do concello na convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2019 por importe de 15.000€.	
155	04/02/2019	Solicitud de participación do concello na convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2019 por importe de 12.000€.	
156	04/02/2019	Orde pagamento de 1.250,00€ correspondente ao 25% da axuda. (Convenio colaboración entre o Club Baloncesto Culleredo e o Concello de Culleredo coa finalidade de establecer as bases para o financiamento da promoción do baloncesto).	
157	04/02/2019	Orde pagamento de 2.500,00€ correspondente ao 25% da axuda. (Convenio colaboración entre o Club Balonmán Culleredo e o Concello de Culleredo coa finalidade de establecer as bases para o financiamento da promoción do balonmán).	
158	04/02/2019	Atribución a F.J.V.T., xefe do Gabinete Técnico, as funcións do posto de xefe de Servizo de Dinamización, Formación e Emprego durante as ausencias da titular do mesmo.	
159	04/02/2019	Aboamento a M.V.G.G. servizos extraordinarios realizados fóra da súa xornada normal de traballo.	
160	04/02/2019	Corrección da resolución do 24-01-2019, relativa á substitución da secretaria titular e suplente da Comisión de Valoración do proceso selectivo convocado para a formación dunha lista de substitución de educador/a social (persoal funcionario interino).	
161	04/02/2019	Solicitud á Deputación Provincial da Coruña dunha subvención para o financiamento do gasto de persoal para oficina de turismo 2019. Importe subvención 11.057,88€.	
162	05/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a V.S.R. para a actividade de "comercio polo miúdo en establecementos non especializados, con predominio en produtos alimenticios, bebidas e tabaco", nun local situado na Av. Vilaboa.	
163	05/02/2019	Concesión permiso vertedura sistema público saneamento O.M.S.A., representación Estudio Técnico y Consultoría de Ingeniería Integrados SL, actividade "servizos técnicos de arquitectura e servizos técnicos de enxeñería...", local situado R/Amparo López Jean.	

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
164	05/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a M.B.V.F. para a actividade de "perruquería e outros tratamentos de beleza", nun local situado na rúa Rafael Alberti, parroquia de Rutis.	
165	05/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a C.P.R. para a actividade de "outra educación n.c.o.p.", nun local situado na rúa Anxo Senra Fernández, parroquia do Burgo.	
166	05/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a C.M.G.F. para a actividade de "comercio polo miúdo de calzado e artigos de coiro en establecementos especializados", nun local situado na rúa Anxo Senra Fernández, parroquia do Burgo.	
167	05/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a J.C.V.V., en representación de ARTESAVEND SL, para a actividade de "establecemento de bebidas", nun local situado na avenida Xoan Carlos I, parroquia do Burgo.	
168	05/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a E.P. para a actividade de "outra educación n.c.o.p.", nun local situado na avenida Ribados, parroquia do Burgo.	
169	05/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a M.J.A.R. en representación de SIMON SA, para a actividade de "fabricación doutro material e equipo eléctrico", nun local situado na rúa J, no Polígono Industrial de Alvedro.	
170	05/02/2019	Concesión permiso vertedura sistema público de saneamento a J.C.P., en representación de VENTA HORECA, SL, para a actividade de "comercio en groso, non especializado, de produtos alimenticios, bebidas e tabaco", nunha nave situada na rúa G, P.I. Alvedro.	
171	05/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a A.M.G.I. para a actividade de "outras actividades sanitarias", nun local situado na Av. Fonteculler, parroquia de Rutis.	
172	05/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a R.M.A.T. para a actividade de "comercio polo miúdo de flores, plantas, semillas, fertilizantes...", nun local situado na rúa Rafael Alberti, Rutis.	
173	05/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a D.L.S., en representación de DIEGO LOZANO SANCHEZ SL, para a actividade de "axencias de seguros e corredurías de seguros", nun local situado na rúa Hersa, O Burgo.	
174	05/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a J.E.B.R., en representación de DTER-GENTE ACOR SL para a actividade de "lavado e limpeza de prendas textís e de pel", nun local situado na Av. Galicia, O Burgo.	

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
175	05/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a S.R.R. para a actividade de "outros servizos culturais NCOP", nun local situado na Av. Vilaboa, parroquia de Rutis.	
176	05/02/2019	Baixa da licenza municipal de ocupación de terreos de uso público para unhas mesas e cadeiras para a terraza do café-bar situado na Av. Vilaboa, parroquia de Rutis, concedida a I.J.T.H., con efectos 31-12-2018.	
177	05/02/2019	Alta como condutor asalariado da licenza de autotaxi núm. 23 do Concello de Culleredo a F.J.F.L.	
178	05/02/2019	Aprobación liquidación correspondente alta Padrón fiscal. Licenza: 424. Concepto: taxa entradas vehículos a través beirarrúas e reservas vía pública (modalidade reserva permanente 24 horas). Ano: 2019. Contribuínte: S.R.F.L. Ubicación: R/ San Xiao.	
179	05/02/2019	Aprobación do proxecto de obras/servizos denominado "Culleredo Social VI" para a contratación de 14 persoas, en situación ou risco de exclusión social, persoal a contratar (9 meses/xornada de 28 horas/semanais) 4 conserxes e 10 peóns.	
180	05/02/2019	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas (O/2019/2). (TERCEIRO: GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA, SA-181,04€ e máis).	
181	05/02/2019	Completar a resolución do 19-11-2018, relativa ao persoamento en nome do Concello de Culleredo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 4 da Coruña (P.O. 236/2018), facendo constar que se considera como interesada no procedemento a M.C.J.B.	
182	06/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a L.M.C., en nome e representación de COTELSA ELECTRÓNICA SL, para a actividade "instalacións eléctricas", na rúa Largo Caballero, parroquia do Burgo.	
183	06/02/2019	Solicitud subvención, ao abeiro da resolución do 28-12-2018, da Axencia Galega Desenvolvemento Rural, para proxecto técnico para obra "Melloras na estrada de Folgueira a Vinxeira (VP-480) Concello de Culleredo", presuposto de 52.270,17€ IVE engadido.	
184	06/02/2019	Concesión a O.A.B.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
185	06/02/2019	Declaración do desestimento de J.A.B.P. das axudas solicitadas para pago de aluguer.	
186	06/02/2019	Extinción da axuda para prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) a J.A.C.L.	

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
187	06/02/2019	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia de M.B.R, con data 31-01-2019, ao causar alta pola vía do sistema de dependencia cunha prestación de 20 horas mensuais o día 01-02-2019.	
188	06/02/2019	Concesión a J.A.L.A. da licenza municipal de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar situada no lugar de Ledoño, parroquia de Ledoño	
189	06/02/2019	Inicio do expediente de declaración de situación legal de ruína urbanística das vivendas situadas na Av. Vilaboa números 25, 27, 29 e anexo, parroquia de Rutis, propiedade da sociedade Servicios Promocionales para Colectivos SA.	
190	06/02/2019	Concesión a J.A.G.P. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar, peche perimetral da parcela, piscina e edificación auxiliar no Lugar de Souto, parroquia de Orro.	
191	07/02/2019	Nomeamento de D.N.O. , traballadora social, funcionaria interina ata que se cubra definitivamente ou se amortice o citado posto de traballo.	
192	07/02/2019	Declaración da xubilación forzosa do funcionario municipal J.M.C.P., con efectos do 16-02-2019.	
193	07/02/2019	Declaración da xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, do funcionario municipal R.D.C., con efectos do 31-03-2019.	
194	07/02/2019	Alta como condutora asalariada da licenza de taxi núm. 9 do Concello de Culleredo de M.G.V.	
195	07/02/2019	Concesión M.R.R. representación ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY autorización ocupación espazo público EXPLANADA MULTIUSOS PASEO MARÍTIMO DO BURGO, efectos 07-02-2019 ata 11-03-2019 celebración actividade "PARQUE NADAL CULLEREDO 2018".	
196	07/02/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11-02-2019.	
197	08/02/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 19171/2018 e máis.	
198	11/02/2019	Concesión a B.M.J.M.B. do servizo municipal de axuda no fogar cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).	
199	11/02/2019	Concesión a E.L.B. do servizo municipal de axuda no fogar cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos).	
200	11/02/2019	Concesión a M.I.M.O. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
201	11/02/2019	Concesión a M.M.V. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
202	11/02/2019	Recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento das axudas concedidas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Liña de actuación número 6 - PROMOCIÓN DO DEPORTE (Club Aguamarina Sincro – 1.194,46€).	
203	12/02/2019	Aprobación da cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL, por importe de 2.245€, polo concepto de "Aval para garantir o contrato: aluguer elementos decorativos da Iluminación do Nadal 2018-2019".	
204	12/02/2019	Concesión aos membros da Policía local J.F.S.V. e A.I.V. dunha gratificación por servizos extraordinarios realizados fóra da súa xornada de traballo.	
205	12/02/2019	Toma coñecemento transmisión e cambio titularidade licenzas municipais construción 4 naves industriais, quinceiro 6 (parcelas G-2, G-4, G-6 e G-8) P.I. Alvedro a nome Fergo Galicia Renta SL, que se subroga no lugar anterior propietario (P.E. Vilaseco, SL).	
206	12/02/2019	Concesión a O.G.T. da licenza municipal de obras solicitada para a reforma dunha vivenda situada na rúa Condes de Lemos, parroquia de Rutis.	
207	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de S.B. e máis.	
208	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de F.R.H.L. e máis.	
209	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de P.J.H.	
210	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de V.C.B.Z.	
211	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.S.I.	
212	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.L.P. e máis.	
213	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de S.B.G.R.	
214	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.M.P.	
215	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.F.R.	
216	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.M.M. e máis.	

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
217	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.R.L.	
218	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de O.M.G.R.	
219	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de K.C.D.	
220	13/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de P.V.P.	
221	13/02/2019	Aprobación das indemnizacións por razón de servizo, por desprazamentos en vehículo propio entre os meses de xullo a decembro de 2018 de C.M.F.R. e J.L.V.M.	
222	13/02/2019	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados no ano 2018 de P.C.M. e máis.	
223	13/02/2019	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados no ano 2018 J.C.C. e máis.	
224	13/02/2019	Aprobación das indemnizacións por razón de servizos realizados por M.E.L.S. nos meses de outubro a novembro de 2018.	
225	13/02/2019	Aprobación das indemnizacións que corresponden percibir por razón das xestións oficiais realizadas por J.R.R.C.	
226	13/02/2019	Concesión a L.O.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1050€.	
227	13/02/2019	Extinción da axuda (prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social PEEIS) a G.A.B.B. por incumprimento de obrigas.	
228	14/02/2019	Estimación alegacións presentadas expediente sancionador de tráfico 5834/2018 e un máis.	
229	14/02/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por U.A.G. en nome da compañía de seguros SEGUR CAIXA., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B	
230	14/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a C.M.A., en nome e representación de MADERAS RIAS BAIXAS SL, para a actividade de "explotación de madeira" nunha nave situada no P. I. A Marisqueira - Almeiras.	
231	14/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a J.V.P., en nome e representación de SYCA RETAIL SERVICES SL, para a actividade de "construción de edificios residenciais" na rúa F no Polígono Industrial de Alvedro (Almeiras).	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
232	14/02/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a J.G.D., en nome e representación de LOS POMARROSOS SLL, para a actividade de "establecemento de bebidas" nun local situado na rúa Manuel Azaña (O Burgo).	
233	14/02/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18-02-2019.	
234	14/02/2019	Delegación no concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre A.B.B. e A.I.I. o día 16-02-2019 ás 13.00 horas.	
235	14/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de C.M.L. e F.J.G.M.	
236	14/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.A.G.T.	
237	14/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.M.G.P. e M.A.B.F.	
238	14/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.T.C. e máis.	
239	14/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de R.G.A.	
240	14/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de D.C.V.L.	
241	14/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.T.R.G.	
242	14/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.C.O.C.	
243	14/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.J.S.B. e M.P.M.S.	
244	14/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.J.M.H. e L.F.M.	
245	14/02/2019	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de E.A.M.S. e máis.	
246	15/02/2019	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 18-02-2019 de 13.00 a 15.00 horas.	
247	15/02/2019	Estimación alegacións presentadas ao expediente sancionador de tráfico 1879/2018.	
248	15/02/2019	Modificación da licenza municipal para a instalación da terraza do café-bar "A Braña", concedida a N.V.V.	

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
249	15/02/2019	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Simón, especie canina, núm. Microchip 981098102710157, propietario J.B.C., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 129, data de expedición 12/12/2018.	
250	15/02/2019	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Nila, especie canina, núm. Microchip 941000023036657, propietario J.J.C.B., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 131, data de expedición 13-12-2017.	
251	15/02/2019	Aprobación da incorporación dos remanentes de crédito do orzamento de 2018 ao orzamento de 2019 e aprobación das operacións de execución do gasto. (Proxecto 2016/2/171/1-Importe: 97.890,33€ e máis).	
252	15/02/2019	Estimación parcial recurso reposición presentado por EXTRACO CONSTRUCCIONES E PROXECTOS SA e autorización, disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pagamento a favor de EXTRACO CONSTRUCCIONES E PROXECTOS do importe de 8.261,65€.	
253	15/02/2019	Concesión a Carpintería Metálica Aluman SL da licenza municipal de obras para illamento acústico na vivenda situada na Av. Hermida, 46 (Culleredo).	
254	15/02/2019	Concesión a J.B.L. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar, dunha barbacoa, dun galpón e dunha piscina, na parcela situada no Lugar de Souto (parroquia de Orro).	
255	15/02/2019	Concesión a J.A.S.S. do servizo municipal de axuda no fogar cunha intensidade de 10 horas á semana (agás festivos) e concesión a M.C.G.P. do servizo municipal de axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).	
256	15/02/2019	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de axuda no fogar e teleasistencia domiciliaria formulado por M.L.C.	
257	15/02/2019	Concesión a C.G.B. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
258	15/02/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.D.V. do recibo de comunidade por importe de 70€ correspondente ao 3º trimestre de 2018.	
259	15/02/2019	Concesión a M.L.C.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€.	
260	15/02/2019	Concesión a J.M.C. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
261	15/02/2019	Concesión a J.D.P.O. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	

NÚM.	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-02-2019
RESOLUCION			
262	15/02/2019	Concesión a M.F.P. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
263	19/02/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a A.B.M.	
264	19/02/2019	Denegación da solicitude presentada por S.I.L. de modificación do tipo de gravame regulado na ordenanza fiscal núm. 14, reguladora da taxa por distribución de auga.	
265	19/02/2019	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2019/4. (TERCEIRO: VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO PUGA SL-IMPORTE TOTAL: 1.770,51€ e máis).	
266	19/02/2019	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas (O/2019/3). (TERCEIRO: INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS, SL-806,99€ e máis).	
267	19/02/2019	Aprobación da incorporación dos remanentes de crédito do orzamento 2018 ao orzamento 2019 e aprobación das operacións de execución de gasto. (Operación: Modificación previsións ingresos - Importe: 1.274.553,23€ e máis).	

9.- MOCIÓNS URGENTES.

A Presidencia informa da existencia dunha moción urxente e solicita a intervención da Sra. Secretaria para que indique de que trata.

A continuación, a Sra. Secretaria municipal, a petición do Sr. alcalde, informa da presentación dunha moción do concelleiro do BNG, Sr. Chouciño Garrido, de data 25 de febreiro de 2019, relativa a dar traslado ao Ministerio de Fomento, Dirección Xeral de Carreteras, e máis á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o apoio ás alegacións ao proxecto "Vial de conexión AC-14/AP-9 entre la autovía AC-14 (enlace de Zapateira) y la autopista AP-9", presentada a través da Delegación do Goberno.

De seguido a Presidencia, de conformidade co establecido no artigo 79.4 do ROM en relación co 85.5 do citado texto, somete á aprobación do Pleno a consideración da urxencia da moción do concelleiro do BNG, Sr. Chouciño Garrido, de data 25 de febreiro de 2019, relativa a dar traslado ao Ministerio de Fomento, Dirección Xeral de Carreteras, e máis á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o apoio ás alegacións ao proxecto "Vial de conexión AC-14/AP-9 entre la autovía AC-14 (enlace de Zapateira) y la autopista AP-9" xustificando a urxencia no periodo de presentación de "propostas" indicado na páxina web (4 de marzo). Sometida a votación ordinaria a declaración de urxencia e a procedencia do debate, resulta aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as.

De seguido a Presidencia somete a debate a proposta do concelleiro do BNG, Sr. Chouciño Garrido, de data 25 de febreiro de 2019, que transcrita literalmente di:

"Enrique Antón Chouciño Garrido, Voceiro do BNG na Corporación do Concello de Culleredo,

EXPÓN

Con motivo da publicación no BOE do 9 de xaneiro de 2019, do *expediente de Información Oficial y Pública del Anteproyecto "VIAL DE CONEXIÓN AC-14/AP-9 ENTRE LA AUTOVÍA AC-14 (ENLACE DE ZAPATEIRA) Y LA AUTOPISTA AP-9", y su correspondiente Estudio de Impacto Ambiental*", este voceiro tense dirixido ao goberno municipal para demandar o estudo do proxecto, a reunión coa veciñanza da contorna da autoestrada e, a presentación de alegacións ao proxecto. A última vez o pasado venres 22 de febreiro, para interesarse sobre a presentación ou non dentro de prazo oficial, de alegacións .

Desde a presidencia da xunta de voceiros non foron quen de garantírnos que se tiveran presentado alegacións, permitíndose xogar á incerteza con esta cuestión e coa indeterminación do prazo.

A cuestión da indeterminación do prazo é coñecida posto que, se o BOE establecía 30 días a partir do día seguinte á publicación ; a páxina web mencionaba o día 4 de marzo como fin de prazo para presentar "propostas", inducendo a confusión terminolóxica e de competencia na fixación dun prazo tan importante. As nosas xestións diante da administración do estado tampouco o conseguiron, e cónstame que varios veciños tamén o intentaron sen conseguilo.

En consecuencia, este voceiro presentou alegacións o último día do prazo na Delegación do Goberno, documento que leva número de rexistro 000006299e1900533911 ; da que achego copia nas páxinas seguintes.

Este apoio reforzará estas peticións para que o desenvolvemento do noso municipio non se vexa afectado como se expón nos distintos puntos por un proxecto que escolle a opción máis cara, non contempla a mobilidade dunha forma ampla, e é a máis agresiva para o noso territorio, non nos beneficia para nada, oculta un proxecto relacionado de enorme transcendencia para nós, e non da resposta á moción aprobada por unanimidade nesta mesma sala o pasado mes de Xuño.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Que se traslade ao Ministerio de Fomento, Dirección Xeral de Carreteras e máis á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o apoio ás alegacións ao proxecto presentadas no rexistro da Delegación do Goberno que se mencionaron."

A documentación anexa referida na moción é a que deseguido se transcribe:

"Enrique Antón Chouciño Garrido, con DI 32.794.431-L, en calidade de Voceiro do BNG na Corporación do Concello de Culleredo, con teléfono de contacto 671 707 616, enderezo electrónico tono.chou@gmail.com e domicilio na Rúa Anxo Senra, nº23, piso 5º B, 15670 O Burgo, Culleredo.

Con motivo da publicación no BOE do 9 de xaneiro de 2019, do *expediente de Información Oficial y Pública del Anteproyecto "VIAL DE CONEXIÓN AC-14/AP-9 ENTRE LA AUTOVÍA AC-14 (ENLACE DE ZAPATEIRA) Y LA AUTOPISTA AP-9", y su correspondiente Estudio de Impacto Ambiental*", pasamos a expoñer as nosas.

ALEGACIÓN

O territorio do concello de Culleredo está atravesado por múltiples infraestruturas de interese supramunicipal: o Aeroporto de Albedro, a autovía A6, a autoestrada AP9, a terceira rolda da Coruña AC14, vías do tren... Todas elas deixaron a súa pegada no territorio de forma que condicionan o desenvolvemento urbanístico, paisaxístico, de mobilidade e de cohesión territorial. Por tanto, calquera actuación debe ser en extremo coidadosa para minimizar o impacto nun municipio condicionado en extremo por estas infraestruturas. As actuacións deben ser explicadas con todo detalle e sen aforrar en avaliación de alternativas que minimicen os impactos, se se quere buscar o apoio da nosa poboación ao desenvolvemento das infraestruturas comarcais.

En sucesivos puntos iremos detallando as seguintes cuestións que demandamos que se estuden polo Ministerio de Fomento para que poidamos entre todos buscar a solución á mobilidade comarcal desexada:

- O proxecto non se publica enteiro. Omite a parte máis importante.
- A avaliación de custos financeiros é incompleta.
- Non busca a mellor opción para a mobilidade comarcal.
- Non conta co resto das vías afectadas de outras administracións.
- Hai alternativas. O acceso pola área de servizo da autoestrada está recollido en proxectos da propia Administración.
- Non respecta o acordo do Pleno do Concello de Culleredo demandando un estudo de viabilidade do Vial-2, pola área de servizo da AP9.
- Non se contestaron consultas ao portal cidadá de Fomento para averiguar a fin do prazo
- Houbo unha tramitación anterior á que se presentaron alegacións veciñais aínda sen resposta.
- Hai múltiples afeccións de actuacións anteriores no ámbito da autoestrada AP9 que seguen pendentes a día de hoxe.

O proxecto non se publica enteiro. Omite a parte máis importante.

No documento "07_TRAZADO_v03", páxina 13, apartado "7.12.2 COORDINACIÓN CON OTRAS ACTUACIONES", cítase que o proxecto se coordinou con actuacións na zona e que no futuro afectan ao seu deseño. En concreto o Proxecto de Ampliación de capacidade da AP-9, no tramo Elviña-A Barcala.

Non se trata dun tema menor. Máis ben é inexplicable que un proxecto desta envergadura, que busca ampliar "...la capacidad de autopista a tres carriles por sentido..." e máis adiante "...desde el enlace de A Corveira hasta el siguiente enlace, el enlace del área de servicio de O Burgo, se ha proyectado el trazado con **cuatro carriles...**"; que non se expoña completo para que a veciñanza poida ver os planos de cómo quedaría todo o trazado dos catro carriles ao paso por toda a zona urbana de Culleredo e en particular, o núcleo de Vilaboa.

A avaliación de custos financeiros é incompleta.

Despois do exposto anteriormente, é evidente que non se está facendo unha valoración de alternativas en función de custos financeiros, posto que se carece de datos que, podendo estar no proxecto mencionado antes e que descoñecemos, mesmo estarían desfasados por tratarse dun estudo de hai 10 anos (2008).

É imprescindible que a avaliación de alternativas, recolla todos os condicionantes, incluídos os custos financeiros, que permitan resolver a mobilidade comarcal entendida dun xeito máis amplo que o requisito de conectar a AC14 coa AP9 do xeito máis próximo.

Non busca a mellor opción para a mobilidade comarcal.

Dun pequeno achegamento aos datos de circulación pola AC14 e pola AP9 no entorno da comarca, podemos deducir que hai unha cantidade de tráfico importante que deixa de ser cliente da concesionaria da autoestrada. O interese desta empresa é entendible, pero deixaría de ser lexítimo se ese interese condiciona o acceso que proporcione a máxima utilidade ao menor custo á veciñanza da contorna, incluída a de Culleredo. O propio documento que citamos antes, mencionaba expresamente que o proxecto de ampliación da autoestrada a catro carriles nesa zona, foi realizado por Eptisa para Audasa en 2008.

Non conta co resto das vías afectadas de outras administracións.

C.I.F. P-1503100-H

Os accesos e saídas do Vial-18 entroncan directamente con estradas competencia da Deputación da Coruña no caso da Avenida de Nova Iorque na Zapateira, que obrigaría a esta administración a adaptar esa vía ás novas circunstancias de tráfico. Unha vía xa de por si conxestionada habitualmente que sofre de enormes retencións hoxe en día nas horas de entrada e saída dos centros escolares, residencias de anciáns e universitarias, centros deportivos etc...

Tralo exposto nos anteriores apartados a nosa primeira alegación é:

Que a análise de alternativas de mobilidade comarcal, se faga desde unha perspectiva ampla e completa, centrándose nas necesidades da veciñanza e a compatibilidade coas afectacións ao territorio, e non só as necesidades de negocio dunha empresa privada. Por tanto elaborándose polas administracións públicas na súa integridade, incluíndo proxectos que podan derivar do que actualmente se nos presenta, como a ampliación de carriles na AP9 ao seu paso por Culleredo, e en todo caso repercutíndolle os custos á empresa concesionaria que se vexa beneficiada.

Hai alternativas. O acceso pola área de servizo da autoestrada está recollido en proxectos da propia Administración.

O plan MOVE da Xunta xa recollía entre os proxectos de mobilidade comarcal a creación do Vial-2, un acceso pola área de servizo da autoestrada AP9, que daría unha conexión directa á autoestrada a gran parte da contorna urbana de Culleredo, tamén un enlace moi próximo ao Aeroporto de Albedro e o buscado acceso á AC-14. Con un custo avaliado daquela (2013) en 2.205.000, que obviamente habería que actualizar e concretar con estudos máis exhaustivos, pero que de partida nos amosa un custo 10 veces menor que o proxecto que aquí se está alegando.

Non respecta o acordo do Pleno do Concello de Culleredo demandando un estudo de viabilidade do Vial-2, pola área de servizo da AP9.

O pleno da corporación de Culleredo, aprobou en xuño de 2018 por UNANIMIDADE dunha corporación moi plural integrada por seis grupos políticos e unha concelleira non adscrita, que se tiña que facer un estudo do acceso á AP9 pola área de servizo do Burgo. Ese acordo pedía á Xunta de Galicia e tamén ao Ministerio de Fomento que fixeran ese estudo e non volvimos saber nada ao respecto. É o momento de que nos digan o porque.

A alegación neste apartado pois é,

Que se avalie a viabilidade técnica e económica de conectar a AC14 coa autoestrada AP9 a través dos viais de acceso á área de servizo do Burgo en Almeiras.

Non se contestaron as consultas ao portal cidadá de Fomento para averiguar a fin do prazo.

A publicación no BOE di que a Información Pública estará durante 30 días, que como sabemos, a Lei de procedemento administrativo establece como días hábiles, polo que rematarían o 20 de febreiro. Sen embargo a páxina web do Ministerio de Fomento, establece que haberá a posibilidade de realizar aportacións até o 4 de marzo.

Presentaremos estas alegacións o día 20 de febreiro. Este é un proxecto de documentación voluminosa, de contido moi específico, que non é fácil avaliar para xente allea ao sector. Sería ben contar co máximo prazo posible. O que non resulta nada aceptable e que xera desconfianza, é o feito de que a fin de prazo non estea clara. Non xa para nós, senón para as persoas interesadas que fixeron consultas por escrito no portal cidadá do Ministerio de Fomento e a única resposta foi que *"En relación con su consulta vía correo electrónico, se le comunica que con esta fecha se ha remitido a la Dirección General de Carreteras, a fin de que le informen sobre el asunto."* Sen que hoxe mércores 20, recibiran aclaración algunha ao respecto.

Houbo unha tramitación anterior á que se presentaron alegacións veciñais aínda sen resposta.

É inexplicable que despois da exposición pública dun proxecto de Vial18 en 2015, que contou con numerosas alegacións, tanto veciñais como do propio Concello de Culleredo, cóstanos que algunhas delas redactadas por

xente con capacidade para avaliar proxectos da enxeñería, e que lle dedicaron tanto esforzo e tempo para facer unha contribución rigorosa e documentada, non se teña respondido ás alegacións para coñecer o resultado da avaliación destas.

Se finalmente se decidiu volver iniciar a tramitación desde o principio, que era o que estaba mal na documentación inicial? Non dar a coñecer esta información só incrementa o escepticismo veciñal e a desconfianza da xente nas administracións responsables e colaboradoras.

A alegación neste punto é pois:

Que se publiquen as respostas ás alegacións que se presentaron ao proxecto de 2015, para que todos e todas poidamos valorar canto de razón levaban as argumentacións dos alegantes e cales eran os puntos do proxecto que non soportaron unha avaliación crítica.

Hai múltiples afeccións de actuacións anteriores no ámbito da autoestrada A9 que seguen sen solució a día de hoxe:

- Beirarrúas insuficientes para a accesibilidade e mobilidade determinada hoxe en día pola Lei, debido á súa escasa anchura na ponte sobre a autoestrada na Costa da Lonxa, na ponte sobre a autoestrada na Avenida de Vilaboa e na ponte que conecta O Regueiro e Conduzo.
- Túnel de insuficiente ancho que cruza a autoestrada e da acceso ao colexio Isaac Díaz Pardo e instalacións deportivas de uso intensivo.
- Insuficiente insonorización e illamento tanto acústico como limitativo no entorno das rúas adxacentes que xa teñen provocado que un coche caera na autoestrada.
- Deficiente recollidas de pluviais ao paso sobre o Río Mero que provoca molestias no paso inferior e o desgaste do paso peonil pola ponte de madeira.

C.I.F. P-1503100-H

A alegación neste punto pois é:

Que o Ministerio de Fomento esixa da empresa concesionaria da autoestrada AP9, que faga un exercicio de responsabilidade social coa comunidade onde se implanta a súa actividade, así como unha actualización das súas normas de seguridade, mobilidade, insonorización, apantallamento... para co novo entorno legislativo ao respecto.

Por todo o exposto, solicitamos a devolución completa do anteproxecto, a análise adecuada e completa das diferentes alternativas e proxectos que serían consecuencia ou precedentes ao que aquí se avalía, coa participación da cidadanía e as persoas interesadas ou afectadas, e a análise principalmente da conexión a través do Vial-2 e a area de Servizo do Burgo."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o mes pasado preguntou cando se ía convocar aos veciños, recordándolle que segundo establecía o Boletín Oficial do Estado o prazo de alegacións remataba o día 20, e que a pesar de que na páxina web do Ministerio de Fomento poñía que ata o día 4 se podían facer propostas, o que lle parece unha denominación curiosa pois a tramitación administrativa contempla sempre a palabra alegacións, non propostas, e polo tanto, ante esta ambigüidade, desde o BNG, e cónstalle que tamén máis veciños, intentaron poñerse en contacto co Ministerio de Fomento tanto por escrito, a través do Portal de Transparencia, do Portal do Cidadán do Ministerio de Fomento, como por vía telefónica, e ninguén foi quen de aclarar cando remataba o prazo, non conseguindo ter certeza desa cuestión; que todo isto levou a que, na medida na que puideron estudar o plan, fixeron propostas para presentar no Rexistro o día 20 que era o día que concluía o prazo; que todos os membros da Corporación teñen copia desas propostas pois lles mandou un correo no seu día para xustificar a urxencia desta moción pois esta vén xustificada precisamente porque ata o último momento, o venres pasado, na Xunta de Voceiros

onde unha vez máis non estaba o alcalde presidindo, senón que estaba o Sr. Taibo, tentaron aclarar se se presentaban alegacións e se se estaba traballando para facelas, causa pola que non presentaron antes a proposta, como correspondería a unha tramitación ordinaria da proposta de moción e a presentaron a posteriori, motivo polo que non consta na orde do día e a traen neste punto de mocións urxentes; que considera que non procede ler a moción ao completo pois xa todos a puideron ler pero se queren pode facer un pequeno resumo dicindo que o proxecto non se publica enteiro, omitindo a parte máis importante cando di que hai un proxecto relacionado aprobado no 2008 que fala de ampliar a catro carriles por sentido a autoestrada entre a área de servizo do Burgo e o aeroporto que iría no enlace na Corveira; que para el omite a parte máis importante desde o punto de vista do interese veciñal e territorial do municipio de Culleredo; que desta forma non se concretan os custos financeiros pois se non se dispón do dito proxecto non se pode dicir que vai costar 30 millóns de euros pois non se sabe ata canto vai chegar e se non se dispón de todos os datos non se pode determinar cal é a opción técnica e economicamente máis viable; que tampouco busca a mellor opción para a mobilidade comarcal cando o propio plan de estradas contemplaba un vial 2 que enlazaría a área de servizo da autoestrada alí no Burgo, en Almeiras, co aeroporto, enlazando tamén coa terceira ronda que é o que supostamente pretende buscar o vial 18; que non conta tampouco co resto de vías afectadas por outras administracións pois este vial 18 iría desembocar na rotonda da Zapateira, un vial da Deputación que xa de por si está moi saturado hoxe en día, sen que lle conste avaliación da Deputación sobre este tema; que hai alternativas, pois existe un proxecto de vial 2 de acceso desde a área de servizo da autoestrada ata a parte norte do aeroporto que permitiría moitas máis funcionalidades e que curiosamente é a proposta que se aprobou por unanimidade no Pleno cando o BNG trouxo no mes de xuño unha proposta pedindo que, ante a falta de noticias sobre o vial 18, se avaliara esta cuestión, sen que volveran a saber nada desa petición e sendo como foi aprobada por unanimidade se debería insistir en que o Ministerio de Fomento avalíe esa opción, para dar resposta a avaliar as opcións a escoller nun contexto máis amplo que non sexa unicamente conectar a terceira ronda coa autoestrada.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño e di que houbo unha tramitación anterior do vial 18 na que parece foron adiante as alegacións dos veciños prosperando e dando lugar a que non prosperara o proxecto e sería bo que se soubera en que non prosperou ese proxecto e cales foron os motivos que deron lugar a que se tivera que reiniciar o proxecto, pois do contrario podería ocorrer que se estiveran redactando as mesmas cousas sen sabelo; que hai múltiples actuacións en Culleredo anteriores no ámbito da autoestrada AP-9 que seguen pendentes a día de hoxe, non sendo aceptable como están as beirarrúas na ponte que pasa por riba da autoestrada en Vilaboa, na N-550, incumprindo as normativas de accesibilidade, pasando o mesmo na Costa da Lonxa, hai que ver o túnel que pasa baixo a autoestrada e que dá acceso ao colexio Isaac Díaz Pardo, o campo de fútbol da Lavandeira e o pabellón municipal, e máis exemplos que aparecen e que se poden ver que son propostas que poden ser aclaradas e asinadas por todos pois afectan a cuestións moi razoables, moi básicas, e que conclúen en que hai que demandar que se retire este proxecto e se analicen adecuada e completamente as diferentes alternativas e proxectos que serían consecuencia ou precedentes ao que aquí se avalía, coa participación da cidadanía e as persoas interesadas ou afectadas, e a análise principalmente da conexión a través do Vial-2 e a área de Servizo do Burgo, dando o apoio do Pleno ás alegacións presentadas polo BNG.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que se trata dunha moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego e lle pode parecer ben ou mal pero non tivo tempo suficiente para estudiala, puntualizando que moitas veces se fai crítica da actuación do equipo de goberno cando a oposición fai o mesmo; que hai pouco tempo houbo algo similar ou semellante que foi o Plan Director e o equipo de goberno, pola afectación que supoñía para a veciñanza, contratou a unha empresa externa para xestionar as alegacións que lle foron transmitidas aos grupos da oposición, que neste caso lle pareceu ben e agora non foi así, ou el non ten constancia, polo que pregunta se se fixo desa maneira ou non pois as informacións das que dispón obtívooas a través da prensa e fai un mes aproximadamente puido ver que o Concello quere dar marcha atrás por unha indefensión dos veciños e do Concello en si por como está formulado o tema do vial 18; pregunta se se van presentar alegacións nun sentido ou noutro pois cre que remata o prazo para o Concello o día 4

45 de 50

de marzo e que para os veciños rematou o pasado día 20; pregunta se se van presentar alegacións para mellorar o vial 18 ou non se van presentar e se vai ir polo recurso de dar marcha atrás a Fomento nese vial 18 ou como se vai facer, non sabendo se houbo charlas cos veciños ou non pero coa oposición, ou polo menos con el, non tiveron as conversas que houbo con respecto ao Plan Director, asunto que el bota en falta porque unha Corporación unida e tamén coa veciñanza, faría máis forza solicitando que o goberno se ten a ben conteste estas preguntas.

Intevén o Sr. alcalde-presidente e di que a moción é do BNG.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que o procedemento administrativo ten unha fase de instrución que é na que se atopa este expediente; que dentro da fase de instrución atópase o trámite de información pública que é o que se publicou no Boletín Oficial do Estado e que ten uns prazos, trinta días hábiles que se poden prorrogar un máximo de quince, é dicir, a metade do prazo establecido; que nesa fase de información pública se poden facer alegacións e tamén se poden facer observacións por parte dos interesados no procedemento e as persoas que poidan resultar afectadas; que nesta fase non está instruído a totalidade do expediente e non se pode ver a totalidade; que nesta fase tamén se piden os informes ás administracións afectadas e neste caso, o Concello de Culleredo é administración afectada así como o é a Xunta de Galicia; que tamén se somete a consulta das administracións afectadas polo que o Concello de Culleredo, polas dúas partes que a afectan, terá que facer un informe e emitir as consultas; que sobre as consultas intervirá máis tarde na liña proposta polo compañeiro do grupo de Ciudadanos; que o periodo de alegacións, se vén, virá despois, no chamado trámite de audiencia, cando estea conformada a totalidade do expediente, no cal os interesados poderán facer as alegacións que estimen oportunas nun prazo mínimo de dez días e máximo de quince, polo que neste momento os dereitos dos afectados non se vulneran; que se está dentro dos prazos xa que pasaron os da información pública pero non os das alegacións do trámite de audiencia; que con respecto ao respaldo ás alegacións presentadas, o grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo respalda as alegacións tanto do BNG como dos veciños ou do Concello, ou calquera outra que vaia en beneficio dos veciños afectados, pero non foron consensuadas co seu grupo e poderían telo sido polo que, na liña da moción que aprobou o Pleno fai uns meses, entende que o goberno do Concello debería, nesa fase de consultas nas que hai que facer aportacións a este proxecto, tivera en conta esa moción aprobada por todos os grupos e na liña do proposto polo compañeiro de Cidadáns, que habería que ter unha reunión para poder consensuar algunha outra cuestión pois é evidente que o Concello de Culleredo ten un problema grave de mobilidade e os veciños sempre saen afectados, sen ter beneficio ningún por mor de ningunha das obras das grandes infraestruturas; que dado que neste caso os veciños non sofren prexuízo, o seu grupo nin vai apoiar a moción nin vai votar en contra, absténdose na votación e invitando ao Sr. alcalde da Corporación de Culleredo a que xunte aos voceiros dos distintos grupos para intentar buscar o mellor proxecto e o máis favorable aos intereses dos veciños.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que hai uns meses aprobouse por unanimidade de todos os grupos unha proposta pedindo que se valorase e se estudiasse por parte do Ministerio de Fomento o chamado vial 2 que é un acceso a través da área de servicio, da autopista, que xa estaba contemplado no primeiro plan director da autopista e que foi considerada unha moi boa proposta para solucionar os problemas de mobilidade con que conta o Concello de Culleredo; que en relación coa proposta da moción, están totalmente de acordo co establecido polo Sr. Chouciño Garrido no último punto que di " Que o Ministerio de Fomento esixa da empresa concesionaria da autoestrada AP9, que faga un exercicio de responsabilidade social (.../...) solicitamos a devolución completa do anteproxecto, a análise adecuada e completa das diferentes alternativas e proxectos que serían consecuencia ou precedentes ao que aquí se avalía, (.../...) " pero con respecto as alegacións non sabe o que alegou o Concello de Culleredo; que o grupo municipal do Partido Popular non pero outros membros doutros grupos si preguntaron nalgunha xunta de voceiros sobre este tema e non obtiveron resposta; que sabe pola prensa que o Concello de Culleredo vai pedir agora que se

retire o anteproxecto ata que se estude todo o que se preguntou e se responda indicando que lle gustaría que se tivera respondido na xunta de voceiros cando se preguntou e non agora pola prensa; que poden contar co seu apoio para pedir que se devolva o anteproxecto pero se o que hai que votar é a totalidade entón non porque non ven sentido a apoiar agora as propostas que xa están presentadas e que se trate de votar agora todos de forma unánime que se retire este anteproxecto.

Seguidamente intervén o alcalde-presidente e di que o grupo de goberno leva traballando durante moitos meses neste proxecto do vial 18, non só desde que se fixo pública esta situación senón desde hai tempo atrás que se están estudando as distintas posibilidades que poderían existir ao respecto e a información con que se contaba era que a que se ía escoller era a que se está a debatir neste momento; que o equipo de goberno vaise ceñir á moción presentada polo BNG e non ten por que defender ao Ministerio de Fomento; que pensan que o término non é o máis axeitado e que debería ser unha suspensión e non unha retirada pero que non teñen por que estar en contra dela a pesar de que hai unha serie de factores técnicos e legais que se botan en falta pero se ve boa intención; que con respecto ás alegacións presentadas polo BNG considera que nada pode importar máis que o vial 18 se leve a cabo porque é o que lle preocupa aos veciños do Concello de Culleredo cando se fai unha infraestrutura destas características; que o Concello de Culleredo xa sufriu as consecuencias da A6, da AP9, do Aeroporto e de moitas infraestruturas que pasan polo Concello de Culleredo e o que non se vai admitir baixo ningún concepto é non resultar beneficiados por esas infraestruturas que pinchan no Concello de Culleredo xa que se se fai unha inversión desas características e os veciños de Culleredo teñen que ir ata o paraugas para poder utilizalas ou teñen que desprazarse ata a terceira ronda para poder entrar na autopista non quedan subsanados os problemas de mobilidade que hai nunha das parroquias que peor mobilidade hai como pode ser o lugar da Xeca ou Monte Alfeirán ou Castro-Laxe; que só arranxan os problemas da autopista, dunha concesionaria que intenta lucrarse aproveitando que haxa moito tráfico rodado e ao final pinchan no Concello de Culleredo e sacrifican os intereses do Concello sen que se obtéña beneficio ningún.

Continúa a súa intervención dicindo que no tema dos prazos, no caso concreto do Concello de Culleredo, como institución, remata o día 10 de marzo, pois son dous meses segundo a Lei de estradas, non sendo o mesmo prazo para as persoas físicas que para a propia Administración; que efectivamente houbo un erro nas datas e estableceuse o 20 de febreiro ou o 4 de marzo pero a propia lexislación di que cando unha administración comete un erro nas datas hai que darlle preferencia á data máis favorable para o cidadán e neste caso sería o 4 de marzo; que obviando estas consideracións di que non poden apoiar ao 100% a moción do BNG porque a consideran un pouco escasa xa que o BNG alude en toda a súa moción a un proxecto cando do que se trata é dun anteproxecto, e unha vez redactado o proxecto definitivo o Ministerio o someterá novamente a información pública e haberá outra posibilidade de facer alegacións; que o Concello lle transmitiu á Delegación do Goberno que vai solicitar a suspensión do procedemento e lle deron a razón dicindo que efectivamente hai unha indefensión dos veciños e veciñas do Concello de Culleredo; que é responsabilidade do goberno municipal defender os intereses dos veciños e veciñas de Culleredo máxime cando hai unha situación de indefensión que neste caso está máis que recoñecida e ese é o motivo polo que se pediu a suspensión do anteproxecto do vial 18 e porque ademais, aínda que haxa técnicos que pensan que non ten nada que ver, o equipo de goberno pensa que si porque no Pazo de Mariñán asinouse un documento entre todos os alcaldes da área metropolitana incluída a cidade da Coruña relativo a que non se ían apoiar viais financiados con diñeiro público nos concellos que pincharan en áreas de peaxe, é dicir, que non se vai permitir que as infraestruturas que se fagan para comunicar os pobos pinchen na autopista que ocasione que os veciños sufran un coste engadido e van usar as infraestruturas que xa están feitas como o é a AP-9 ou a Vía Ártabra; que así o fixeron ver, que o Concello de Culleredo é o gran damnificado e pon como exemplo a Vía Ártabra que consideran prexudica ao Concello de Culleredo porque todo o tráfico conflúe no Burgo e iso provoca que co tempo se teña que ampliar a propia capacidade da autopista; que por ese motivo se presentou ese escrito ante a Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia solicitando a suspensión deste anteproxecto dado que falta moita información ao respecto e a suspensión tamén significa unha defensa para os intereses dos veciños e pode provocar que os que decidiron este anteproxecto lle dean unha volta á situación e que nun futuro máis ou menos lonxano se

poida facer dun xeito máis beneficioso para Culleredo; que outro punto de debate, tal vez máis mediático, é a avenida Alfonso Molina, que desemboca no Concello de Culleredo, e sobre a que deciden administracións alleas a el e sobre a que non poden opinar os concellos porque as declaran de interese xeral; que aínda que xa lle comunicaron que tiñan razón e que se vai producir esa suspensión de momento se está en prazo para contestar e dicir se van ou non suspender o anteproxecto polo que se na vindeira semana non se recibe comunicación oficial en relación a que a suspensión se produce, o Concello presentará unha alegación que vaia na liña que perfectamente veñen de definir os grupos que fixeron uso da palabra neste punto como foron Cidadáns, o BNG, Marea Veciñal ou o propio Partido Popular; que se van ir dando os pasos correctos como se fixo co aeroporto e non meter literatura barata e usar argumentos técnicos e sostíbeis para que quen lea as alegacións na Demarcación de Carreteras e no Ministerio de Fomento vexa que son argumentos sólidos, sen que sexa necesario estenderse en 40 folios para ser claro, preciso e concreto; que é unha decisión que vai vincular a todos e que o 28 de abril hai eleccións para elixir ao goberno central e o 26 de maio hai eleccións para elixir aos alcaldes e alcaidesas do Concello de Culleredo e de toda a comarca, debendo ser esas corporacións e ese goberno que saia da elección dos cidadáns, dos veciños e veciñas que van votar libremente a súa alternativa ou a súa preferencia política o que decida e o que poida tirar abaixo este anteproxecto e elixir outra alternativa; que non eran capaces de sacar unha conclusión exacta sobre a onde leva o vial 18 e agora atopanse con dúas posibilidades, sendo a primeira que acepten a suspensión do anteproxecto o cal suporía tempo para negociar e para debatir coas corporacións que saían froito das vindeiras eleccións, e a segunda que a Corporación do Concello de Culleredo poida definir unha postura clara; que se en tempo e forma non atenden á solicitude de suspensión será cando se presente a alegación que irá na liña do indicado polo distintos voceiros que interviron neste punto.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. alcalde e di que el non está a favor do vial 18 e el non está a favor da Vía Ártabra obvie totalmente o pinchar, o entrar, na A6 e que só entre na AP-9 coas consecuencias que iso ten para o Concello de Culleredo ao saturar a autopista e a entrada na Coruña porque ao final o tramo máis urbano e máis importante entra polo Concello de Culleredo; que se necesita tempo sobre todo polas imprecisións que ten o anteproxecto, adiantándolle ao Sr. Chouciño que non poden estar a favor do 100% da súa moción co seu argumentario ou coa redacción da mesma pero que aínda que non lle parece o procedemento máis normal presentar unha alegación e despois pedir o apoio do Pleno para ela, eles non son quen de evitar que a moción prospere, procedendo a continuación, coa autorización do Sr. Chouciño Garrido, á lectura do escrito presentado na Demarcación de Estradas de Galicia solicitando a suspensión do dito anteproxecto; que se non fan caso ao escrito presentado presentárase unha alegación que consensuarán con todos os grupos nunha reunión urxente pois a data remata o día 10 de marzo, sendo ese o prazo no que hai que garantir a estabilidade e que o proxecto sexa sostible e garanta os intereses xerais dos veciños e veciñas do Concello de Culleredo.

(neste intre incorpórase á sesión a señora concelleira dona Nuria Carballeda Feijoo)

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que é unha mágoa que con todas as veces que preguntaron non dispuxeran antes dese documento, resultándolle tamén curioso o tema de debater se se trata dunha retirada ou unha suspensión e se deberían poñer por riba de certas cuestións sintácticas se é que existen; que a maiores disto, en relación co dito sobre que hai un erro no cómputo dos prazos, indica que o portal do cidadá está para aclarar estas dúbidas e non houbo maneira de resolvelo co Ministerio de Fomento a pesar de chamar varios compañeiros do BNG e varios veciños, intentándoo tamén por escrito sen que foran capaces de aclarar isto, non sendo esta a mellor maneira de que o Ministerio de Fomento transmita confianza na xestión da tramitación deste tema; que el ten moitas dúbidas en relación a que os comentarios feitos tanto polo Sr. alcalde como polo voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo sexan acertados e quizáis poderían pedirle unha interpretación á señora Secretaria municipal pero considera que non é obxecto deste Pleno e non se vai parar a isto, insistindo en que o motivo de traer esta moción polo trámite de urxencia é o seu cómputo de prazos; que lle roga ao Sr. alcalde que lles dea copia aos distintos grupos do documento lido canto antes.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que con respecto ao mencionado polo Sr. Cañas que di que non ten sentido apoiar este tipo de propostas porque xa están presentadas hai que ter en conta que se os prazos son os que el considera esta era a única forma de canalizar esta alegación e que, con respecto a que non foi consensuada, e en consoancia co manifestado polo concelleiro de Cidadáns que falou tamén de que isto era algo non comentado ou consensuado cos demais voceiros, aclara que os compañeiros do BNG repartíronse o anteproxecto para poder estudialo pois é dunha magnitude brutal e no seu alcance fixeron esta interpretación, non sabendo de ningún outro grupo que o fixera, sendo ese o motivo de non consensual, que estaban traballando e que puideron escoitar como preguntaron no Pleno do mes anterior por este tema e na Comisión informativa igual, contestando nesta última que non correspondía a esa comisión e sen saber dicir a cal correspondía; que ninguén máis que eles se interesou por este tema; que lle responde tamén ao comentario do concelleiro de Cidadáns respecto a que non sabe como está esto tecnicamente e que so tiveron catro días para ver estas alegacións, supoñendo que todos tiveron un tempo para interesarse polo anteproxecto e, aínda que recoñece que é algo moi voluminoso, todos terían as súas posibilidades para poder analízalo, non sendo posible reunirse con el para lerlo; que no caso de que se metan catro carriles desde a área de servizo son todos afectados pola afectación a viais, vivendas, infraestruturas deportivas, escolares e sanitarias

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non ten nada en contra da moción pero o que dixo foi que como xa estaba presentada non lle atopaba sentido e que se a moción se ciñe ao último parágrafo votan a favor, absténdose no caso de que se mantenga íntegra.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, dirixese ao Sr. Cañas Varela e lle di que o documento ten unha primeira páxina con selo de rexistro do Concello de Culleredo onde se propón que se traslade ao Ministerio de Fomento -Dirección Xeral de Carreteras- e á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o apoio á alegación ao anteproxecto mencionado, sendo iso o que se propón ao Pleno, e o resto do documento aclarativo do documento que apoian, non sendo posible alterar o que está xa rexistrado na Delegación do Goberno.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do concelleiro de BNG, de data 25 de febreiro de 2019, co seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (cinco) dos sres/as: Chouciño Garrido, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García, Santos Iglesias, Taibo Gago e Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do concelleiro do BNG, de data 25 de febreiro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra a concelleira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Carballeda Feijoo quen, unha vez concedido, di que no día do Pleno, 28 de febreiro, celébrase o día mundial das enfermidades raras e que imaxina que para moita xente

será un día normal pero para máis de sete mil patoloxías que hai en España este é un día importante polo que lle gustaría que xa non só como concelleira de Culleredo senón tamén como presidenta dunha asociación como é a Asociación Galega de Lupus que pertence á Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas gustaríalle que o Concello de Culleredo e todos os representantes dos veciños e veciñas que se atopan no Pleno fagan unha foto coporativa para compartila co Hashtag do Día mundial das enfermidades raras e mostrando así apoio e dando visibilidade ás patoloxías que están sendo tan carentes de investigación e de diagnóstico precoz sobre todo no caso de rapaces pequenos aos que se lles diagnostican enfermidades tarde, o que dificulta que o tratamento sexa efectivo.

Intervén a continuación o sr. alcalde agradecendo o rogo da señora Carballeda Feijoo e di que por parte do grupo municipal do PSdeG-PSOE van estar na foto con ela e invita a todos os que o desexan a sumarse a esta iniciativa que lle parece extraordinaria.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que o seu grupo está tamén encantado de poder participar nesta iniciativa; que independentemente disto ten unha serie de preguntas en relación coa rescisión do contrato coa Garrocha polo que xa preguntou o grupo popular no 2012 e que recentemente trouxo ao Pleno o BNG; que parece ser que hai algo en Fiscalía e como non sabe cal é a situación actual fai as seguintes preguntas:

Primeira.- Ten vostede como alcalde coñecemento dalgún tipo de actuacións da Fiscalía?

Segunda.- De haber actuacións da Fiscalía en torno ao procedemento de rescisión da concesión administrativa da Garrocha, ten solicitado Fiscalía algún tipo de documentación?

Terceira.- De ser a anterior resposta afirmativa, que documentación é, informes técnicos, urbanísticos, de Intervención, de Secretaría? Tense elaborado a dita documentación?

Cuarta.- De ser afirmativa a resposta anterior, xa está enviada a documentación?

Quinta.- De existir, solicita acceso á mesma.

Responde o sr. alcalde e di que non é a Fiscalía senón o Xulgado de Instrución número 6 o que solicita información sobre este tema, pedindo identificación dun funcionario que xa se remitiu.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H